

O Porriño alega contra o proxecto do Celta en Mos polos perxuizos no suministro de auga

Páxina V

A "II Porriño 10-K" pretende acadar 1500 participantes

Páxina VI

Tui promociona o seu pasado xudeu en Fitur

Páxina X

A Guarda pide á Consellería do Mar un futuro para o seu Porto

Páxina XIII

Monção inviste cerca de 350 mil euros na requalificación do parque escolar

Páxina XIX



O Concello de Salceda reduce a 35 horas semanais a xornada laboral da súa plantilla

Páxina IX



OPINIÓ

Por Manuel Estévez

Na lembranza, Xosé Luis, voz do clan musical guardés, Os Tempores

Tumbado na area da praia dos Muíños, nas saias do Tegra, a veces poíase escoitar melodías e temas que se mesturaban co son do mar.

Monia, Monia

En tus ojos yo encontré la felicidad

Era unha de tantas versións que viñan co vento e o son das ondas, alí onde o Miño bica o mar. Si señor, a suavidade da voz do vocalista do clan musical, Os Tempores, aquela formación integrada pola familia Santeiro de A Guarda. O pai Xosé Merino González, fundador, acordeón e arreglista; seus fillos Xosé Luis, guitarra e vocalista; Antonio percusión; Manuel, tio

ao contrabaixo e Pío, saxofón.

Non soio no salón de Camposancos, enfrente Portugal actuaba o conxunto, senón que era solicitado para amenizar os bailes de sociedades e bodas polo Baixo Miño e zona Sur de Galicia, fundamentalmente nos Casinos de Tomiño, Sociedad Recreativa de Figueiró, Liga de Amigos de O Rosal, así como en Hoteles Pazo na cima do Monte ou salas de Festas como aquela que dirixía a inesquecible, Xosefina Lorenzo no centro da vila de A Guarda, "Os Xardíns do Tegra", entre outras moitas Salas e Festas

O conxunto, creado no ecuador da

década dos anos 60, tocaban música de todos os estilos con arreglos do pai da familia, o inesquecible "Santeiro", o mesmo que noutro formara parte da Orquestra Palomita en 1940, Tino Jazz en 1948 ata que chegaron Os Tempores no 1966.

Os que se casaron o son das súas melodías, alí onde o Miño bica o Atlántico. na cima ou nas faldras do Monte Santa Tegra, mesmo a beira das augas Atánticas por Oia, Baiona ou Nigrán que levan xuntos todo unha vida, no seu álbum familiar, figuran en branco e negro, imaxes captadas por Verano Brey e outros fotógrafos e alen da familia e amigos, aparece o clan familiar e musical de A Guarda..

Monia en mí corazón/

yo te encontré para la vida

A voz do inesquecible Xosé Luis, noutro perdéndose entre os piñeiros na abas do Hotel El Molino, agora no ceo.



Cadernos da viaxe

Por Xoán Antón Pérez-Lema

O caducado goberno xudicial segue mandando

Verdadeiramente o nomeamento de Dolores Delgado como fiscal xeral do Estado é ben antiestético. Tamén é certo que o Presidente do Goberno do Estado activou deste xeito unha contraofensiva para confrontar o warfare (a guerra xudicial) que quere desenvolver o tripartito das dereitas españolistas.

ZP non soubo ou non puido trasladar a maioría progresista no Congreso estatal entre 2004 e 2011 ao Tribunal Constitucional. E isto explicou a sentenza de xuño de 2010 que decretou a inconstitucionalidade dos principais avances do nou Estatut, anulando a lexítima decisión da cidadanía catalá no referéndum esta-

tutario de 2006. Unha decisión que o constitucionalista Pérez Royo coida que determinou a ruptura da legalidade constitucional na Catalunya.

Entre primeiros de 2012 e fins do 2015 tivemos un Goberno estatal do PP con cadansúa maioría absoluta en ambas as dúas Cámaras estatais. Rajoy non perdeu o tempo e ampliou a maioría do PP no Tribunal Constitucional (TC), ao tempo que consolidou unha anovada maioría hexemónica no Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX).

Dende fins do outono do 2018 o CXPX segue en funcións, malia caducar o seu mandato. Porén, manteñen plenos poderes

para elixir novos Presidentes de Audiencias Provinciais, Salas da chamada "Audiencia Nacional" (AN) e Tribunais Superiores, canda maxistrados do Tribunal Supremo (TS) e da AN.

Velaí dous graves problemas constitucionais: i) O primeiro a politización partidista da AN, TS, TC e Tribunal de Contas, canda o propio goberno do Poder Xudicial e o control da Fiscalía Xeral do Estado polo Goberno; ii) O segundo a disociación entre a maioría parlamentaria progresista estatal e estas ferreñas maiorías da dereita no goberno xudicial, que consolidan e amplían o seu control sobre o TS, o TC e outras Cortes de Xustiza chaves polas decisións que adoptan. Para mostra velaí a decisión da Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo rexeitando a medida cautelar de suspensión do acordo da Xunta Electoral central sobre a inelixibilidade sobrevida

(e, xa que logo, perda da cualidade de deputado no Parlament catalán) do President Torra.

Non son, dende logo, os únicos. O acordo do 155 e o seu validamento "a posteriori" polo TC derogou de feito a garantía constitucional do dereito á autonomía das nacionalidades do Estado. E o TC-como aqueladamente adoita dicir Aitor Esteban(PNV)- é un árbitro caseiro que adoita resolver a prol da recentralización e da idea uninacional de España.

Pedro Sánchez e Pablo Iglesias poderían xuntar canda os partidos soberanistas e territoriais unha clara maioría que permitise aprobar leis orgánicas para resolver parcialmente esta grave situación de anomia constitucional. A dúbida é que teñan azos para facelo.



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T.658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69
redaccion@novasdeturonio.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
publicidade@novasdeturonio.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Rocio Pereira Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Viale Moutinho, Manuel X. Xiráldez, Fco. Puñal Suárez, Pilar Martínez, Manuel Rodríguez Alonso, Xulián Maure, Uxío Breogán, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mero), Nicolás Xamardo, Luís Martínez Risco, Fco. Peña Castiñeira, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 40-2016

■ ■ ■
Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Enrique Peinador Lines e a revista “Nós”

O número 1 da revista “Nós” publicouse o 31 de outubro de 1920. Na cabeceira figuraba como director Vicente Risco e no equipo de redactores, entre outros, Ramón Cabanillas. A revista sería a peza fundacional do nacionalismo galego e instrumento ideóneo para a construción das bases da identidade do país. Foi un intento de establecer un diálogo coas vangardas; un coloquio entre a tradición e modernidade que tiña que facerse necesariamente desde unha óptica nacionalista e monolingüe galega.

Este ano no que estamos celebrarse o centenario daquela publicación senlleira no seu xénero que deu nome a unha xeración de intelectuais que cultivaron as máis diversas disciplinas. Non lle poñía máis que unha condición aos seus colaboradores: “que poden ser o que lles pete: indivisualistas ou socialistas, pasatista opo futuristas, intuicionistas ou racionalistas.... Sempre que poñan por riba de todo o sentimento da Terra e da Raza, o desexo colectivo de superación, a orgulosa satisfacción de seren galegos”.

A revista había pasar moitas vicisitudes. Deixou de editarse durante dous anos, entre os meses de xullo de 1923 e 1925. Vicente Risco, o “pidichón oficial da Causa”, escribiulle unha carta con data de 21 de maio de 1925 a Enrique Peinador, o filántropo e mecenas que ten unha actitude máis permeable ás demandas e os sentimentos da Terra, como califica Ricardo Gurriarán ao dono do Balneario de Mondariz, na que lle di: “apelando ós teus sentimentos que compartes connosco, a prol da nosa Terra e da nosa cultura, quixeramos saber si podemos contar co teu apoio económico, e tamén de camiño, se ti, antre as túas amistades, nos podías proporcionar algún outro que se comprometera por un ano”. A resposta de Peinador foi decontado, entregándolle unha boa cantidade de diñeiro e procurando anunciantes entre os moitos clientes do Balneario.

Non era a primeira vez que Enrique Peinador Lines saía ao rescate de xornais galegos ameazados polas crises, como foi o caso do diario Galicia, segundo se desprende dunha carta do poeta Manoel Antonio. Amais

destas axudas a medios de comunicación e institucións, como a Real Academia Galega e Seminario de Estudos Galegos, tamén conseguiu coas súas mediacións unha pensión digna para Manuel Murguía. Outro caso foi o de Ramón Cabanillas que malviviu durante un tempo en Madrid e foi “rescatado” por Peinador Lines cara a finais de 1921, levándoo para o Balneario onde exerceu de relacións públicas e director da revista “Temporada”. Na imprenta do balneario editou boa parte da súa obra literaria. Foi, ademais edil do novo Concello de Mondariz-Balneario. Castelao tamén foi beneficiario do mecenado de Enrique Peinador, que lle encargou os cadros de cegos para decorar as estancias do hotel.

A publicidade inserida nas páxinas da revista Nós era de vario tipo: profesionais liberais, hospitais, droguerías, xasterías...pero a de maior entidade os anuncios das Augas de Mondariz dunha alta calidade estética da autoría de Castelao e Cândido Fernández Mazas.

A dirección da revista tiña un código ético para a publicidade: “As páxinas de anuncios de Nós somentes se ceden ós industriais e comerciantes cuxos métodos comerciais cremos dignos e honrados. Se algún lector atopa falsidades ou métodos impropios

do comercio, nalgunha das casas anunciadas nas nosas páxinas, estimáremoslles moito nos chamen a atención, porque non toleramos que se anuncie ningunha casa que non sexa seria”.

O feito foi que, despois da intervención de Enrique Peinador Lines para rescatar a publicación da crise económica que tivera, a revista incrementou o número de anunciantes grazas a súa mediación con moitos empresarios que eran clientes do Balneario. Un anuncio da propia editora, como agradecemento a unhas adegas, apelaba aos lectores: “Patriotas galegos! Pedide o viño tostado López Valeiras”. En idénticos termos dirixese varias veces ao ano o Foro E. Peinador - Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adegueiros, demandando máis consumidores para os produtos galegos etiquetados na nosa lingua.

Grazas a Ricardo Gurriarán Rodríguez, o historiador que procura información debaixo das pedras, o Foro E. Peinador reconstruíu a biografía dun empresario decisivo no nacionalismo do primeiro terzo do século XX, “Enrique Peinador Lines e Mondariz. Empresa, Turismo e País”.



Ciencia, humanismo e galeguismo. Homenaxe ao Doutor Domingo García-Sabell

Tres son os esteos nos que asenta o discurso fundacional da Irmandade da Sanidade Galega: ciencia, humanismo e galeguismo. Os tres conceptos complementáanse cando o exercicio da medicina se practica co auxilio da antropoloxía. A ciencia, como medio imprescindible para curar as anormalidades dos corpos; o humanismo, para que o profesional da medicina instalase o seu saber nas coordenadas culturais do enfermo, e o galeguismo para entender a esencia da urdime sentimental do paciente.

Eses piares que terman do discurso da Irmandade da Sanidade Galega estiveron presentes no home de ciencia que foi o doutor Domingo García-Sabell. Os seus estudos sobre as características do enfermo galego son unha fonte de información valiosísima fundamentada na longa experiencia clínica, na que utilizou a antropoloxía médica para facer un diagnóstico certo das patoloxías. “O mundo cultural que calquera paciente leva nos miolos, por exemplo o galego, necesita ser coñecido polo médico para un tratamento eficaz”, deixou escrito.

Unha anécdota vivida por el nos seus anos de formación na Clínica Jiménez Díaz foi decisiva para chegar a esa conclusión. Acabara de ingresar un home galego a quen

lle diagnosticaron provisoriamente unha esquizofrenia. Chegaran a esa conclusión porque tiña un mutismo absoluto, negábase a falar, e non podían sacarlle ningún síntoma. Empezáronlle a facer preguntas en castelán que apenas entendía e entón a todo dicía que si. “Pero un día Jiménez Díaz díxome: vostede, que é galego a ver se se entende con él e a ver que lle pasa”. E fun, segue relatando García Sabell, e faleille en galego. Falaba marabillosamente, explicou o que lle pasaba e resulta que o home tiña unha enfermidade orgánica local, da que foi tratado e curado”.

Para García-Sabell o mundo cultural que calquera paciente leva nos miolos precisa ser coñecido polo médico para facer un diagnóstico certo. Unha medicina mutilada, que non contempla ao enfermo e a súa identidade cultural é unha medicina manca e torta.

A riqueza expresiva da lingua galega para dar síntomas e cambios psicolóxicos, ten, segundo él e outras figuras relevantes da medicina, unha fartura extraordinaria. Así o manifestou nunha conferencia pronunciada na Coruña no ano 1975 cun relato ben ilustrativo. Puña o exemplo dun enfermo que lle dicía que non tiña tantas dores

“cando me levanto enxergo”; tal expresión non hai maneira que o traduza ao castelán. É unha manobra que recomendan os ortopedas para os que sofren de artrose lumbar. “Ter o estomago amoinado”; tampouco hai posibilidades de traducir isto; ter o estómago amoinado é ese estómago que se se lle dá de comer si, e se non se lle dá de comer, é igual. A medicina chámalle a este síntoma “dispepsia”; “o que pasa é que a miña muller sempre está pianxando”, dicía dela o seu marido, que García-Sabell marabillado por tal expresión, chegou a conclusión de que ese lairse era unha depresión psicorreactiva; ou “ter o corpo desgustado”, un recurso moi utilizado para significar un trastorno difuso.

“Se nós non empregamo a lingua do enfermo, van ocorrer dúas cousas: por un lado que privamos ao enfermo dun tesouro enorme de expresións nas cales se sabe enormemente práctico; se nós insistimos no castelán e o enfermo como pasa que o fala con dificultade, esa dificultade produce unha inhibición en virtude da cal a todo o que nós digamos vai dicir que si”, afirmaba coa rotundidade do médico que sabía ben que o coñecemento atropolóxico do paciente é fundamental.

A ciencia ten demostrado que a cirrose é a mesma en calquera parte do mundo, pero o home que a sofre non é igual. Pero en cambio, no xeito de expresalas, neso que os técnicos chaman “a expresividade” das doenzas hai un factor ético, un factor propio que é o noso; hai unha patoloxía

propia da Terra.

Rof Carballo, figura relevante da medicina sicosomática europea no século pasado, afirmaba que a praxe médica debe estar vencellada ao ámbito histórico-cultural na que se move. Fundamentaba esta tese no contacto que tivera con cento e pico de médicos do hospital do Centro Galego de Buenos Aires. Case todos eles eran arxentinos e doutras nacionalidades. Pero os seus enfermos eran galegos que condicionaron a súa idiosincrasia nos seus médicos. É doado imaxinar as relacións daqueles pacientes galegos coas súas maneiras singulares de transmitirlos síntomas e os esforzos dos médicos por entendelos..

A medicina humanista e galeguista que caracterizou ao doutor Domingo García-Sabell é a que pregoa a Irmandade da Sanidade Galega no ámbito sanitario e centros universitarios en total harmonía co expresado polo Plan Xeral de Normalización Lingüística referido á sanidade.

O próximo día 15 a Irmandade da Sanidade Galega celebrará en Santiago de Compostela a IX asemblea, que estará dedicada á memoria do doutor García Sabell e as súas achegas científicas que ten estudado con moito rigor o profesor Ramón López Vázquez no seu libro “Domingo García-Sabell e a fenomenoloxía”, que intervirá no acto académico no Salón Nobre do Pazo de Fonseca, despois da inauguración dun busto do escultor José Molares que será ubicado nos xardíns da rúa que levan o nome do homenaxeado ás 12:00 horas.

LOURINHA

O PORRIÑO

A concellería de obras establecerá unha folla de ruta coas demandas das asociacións de veciños

O goberno municipal do Concello do Porriño establecerá unha folla de ruta coas demandas expostas polas AAVV de todas as parroquias da vila en materia de mantemento de viais e conexión ca rede de saneamento. Representantes de todas as parroquias do Concello acudiron e expuseron as súas demandas e necesidades na reunión celebrada o 16 de xaneiro.

A convocatoria partiu da Concellería de Vías e Obras. Foi a primeira vez na historia recente do Concello do Porriño que se realizaba unha convocatoria de semellantes características. “Trátase de establecer unha folla de ruta para acometer as necesidades demandadas e manter unha canle de interlocución permanente entre o Concello e o movemento asociativo vecinal”, manifestou Lourdes Moure, concelleira de Vías e Obras. Na reunión participaron tamén Pedro Pereira, Concelleiro de Infraestruturas; Rafa Alonso, enxeñeiro municipal, Alba Rodrí-



quez, arquitecta municipal e Miguel Feijóo, encargado municipal de Obras.

A concelleira explicou que os traballos de reparación de baches, mantemento e reasfaltado de viais así como de conexión coa rede de saneamento realizaránse de xeito escalonado o longo do presente mandato, tanto con medios propios do Concello como coa achega do Plan Concellos da Deputación.

Para afrontar con medios pro-

prios, o Concello do Porriño vai contratar en breve 6 peóns para reforzar a brigada municipal de Vías e Obras.

Lourdes Moure explicou que esta reunión con todas as asociacións de veciños “era un compromiso que tiñamos adquirido coas parroquias para celebrar a primeiros deste ano e que nos servirá para priorizar as actuacións que palien as múltiples deficiencias que arrastra O Porriño, algunhas desde a época de Barros”.

Porriño insta ós Conselleiros da Xunta a que nomeen os seus representantes na Comisión Especial do Lindano

A través de sendas cartas, a Alcaldesa do Porriño insta ós titulares das Consellerías de Sanidade e de Medio Ambiente da Xunta de Galicia a que nomeen e comuniquen os seus representantes na Comisión Especial para a Descontaminación de Lindano no Concello do Porriño.

A creación de esta Comisión Especial, previamente consensuada pola alcaldesa e os voceiros dos grupos municipais, acordouse formalmente en pleno pola Cor-

poración Local. A estrutura da Comisión Especial que se determinou incluía ás dúas Consellerías citadas entendendo que a súa participación é indispensable pola natureza do asunto.

Por esta razón hoxe Eva García de la Torre dirixiu sendas misivas a Angeles Vázquez, titular de Medio Ambiente, e a Jesús Vázquez Almuiña, titular de Sanidade, lembrándolles a ambos a invitación a participar e que nomeen ás persoas que consideren para a devandita Comisión

Especial.

Lembramos que segundo o acordo plenario, ademais forman parte da Comisión Especial, a alcaldesa e un representante por cada grupo municipal da Corporación, así como: un vogal pola Plataforma de Afectados do Lindano, un representante por cada unha das tres principais centrais sindicais (UXT, CCOO e CIG), e finalmente un representante das tres asociacións veciñais de Torneiros (Relva, Alba e San Salvador)

Cultura crea un rexistro de artistas locais

A Concellería de Cultura propón a creación dun Rexistro de Artistas Locais de O Porriño para o que nas redes sociais do Concello subíuse a correspondente información así como o formulario coa solicitude de inscrición.

A iniciativa que lanza o departamento que dirixe Cami Moreira consiste en que todas aquelas persoas ou grupos adicados ás diversas actividades artísticas culturais e que teñan a súa residencia no concello de O Porriño, poidan inscribirse no devandito Rexistro.

A finalidade é dobre: contribuir ao desenvolvemento da comunidade artística local e dar a coñecer e fomentar a contratación de grupos e creadores do Porriño.

As inscricións faranse de acordo á instancia establecida que poderá

descargarse na web do concello <https://oporriño.org> e que deberá presentarse no Rexistro Municipal do Concello do Porriño, achegando a documentación solicitada: fotocopia do DNI; aportación de documentos gráficos en soporte dixital (fotografías, vídeos...) e currículo (traxectoria artística) ou memoria explicativa acerca da disciplina artística do solicitante.

No caso de artistas menores de idade, a solicitude será asinada polo pai, nai ou titor/a legal do menor.

No Rexistro de Artistas Locais, os inscritos estarán divididos segundo as disciplinas presentadas. O acceso a este Rexistro será público de tal forma que poderán acceder todas as persoas interesadas, de forma telemática a través da páxina web do Concello.

Bases para o concurso de carteis e o desfile de comparsas

O Concello do Porriño convoca a primeira edición do concurso de carteis do que sairá o que servirá para anunciar o Entroido 2020. O prazo de presentación de deseños rematará ó 10 de febreiro ás 20 horas.

O tema referirase o Entroido, e sempre en lingua galega. Os participantes entregarán un CD onde aparecerá o cartel en formato jpg, formato A3, 300ppp (puntos por pulgada) 3508x4960 píxeles, no Rexistro de entrada do Concello.

No cartel aparecerá o seguinte texto: “ENTROIDO NO PORRIÑO Dende 22 o 26 de febreiro 2020 Concellería de Festexos- Concello do Porriño”

O deseño gañador terá un premio en metálico de 600 euros. Haberá tamén un accésit de 500 euros.

A convocatoria pódese consultar la páxina web do departamento de Cultura do Concello do Porriño (www.ecultura.net)

Publicadas as bases para as Comparsas

A partir do 3 de febreiro abre o prazo de inscrición para o Desfile de Comparsas do Entroido 2020 que pechará o día 18 incluído.

O importe total de premios a repartir será de 13.950 euros entre comparsas infantis e de adultos. O importe dos premios se determinará segundo o número de compoñentes da comparsa.

Segundo as bases da convocatoria que xa están publicadas na web do departamento de Cultura (www.ecultura.net) a orde de participación nos desfiles será por orde inscrición

As comparsas que aspiren ós premios de participación teñen a obriga de estar inscritas e participar nos desfiles do Sábado e Martes de Entroido, e no acompañamento do Enterro da Sardiña no Mércores de Cinza. Os percorridos de cada desfile tamén aparecen detallados na convocatoria.

O PORRIÑO

O Porriño alega contra o proxecto do Celta en Mos polos perxuizos no suministro de auga

O Goberno Municipal de O Porriño decidiu presentar hoxe, no último día de prazo, unha alegación contra a modificación do PXOM de Mos que pretende posibilitar o proxecto de cidade deportiva do R.C. Celta de Vigo en Tameiga. A alegación motívase en base “ós graves perxuizos que poden ocasionarse a este concello no abastecemento de auga”.

Argumentase que o proxecto de modificación do PXOM de Mos “conten inexactitudes e previsións que lesionan gravemente os intereses do Porriño” segundo a alcaldesa Eva García que firma a alegación no nome do Concello.

Nas previsións do Concello de Mos no que atixe ó suministro de auga realizase unha previsión de caudal contando cos aportes de a ETAP de Os Valos (xestionada polo Concorcio de Augas do Louro) e cos aportes dos depósitos de San Antoniño, Veigadaña e Castro-Sanguileda, todes eles abas-

tecidos polo embalse de Eiras.

Ó respecto alega Porriño que “a ETAP de Os Valos fora construída nos terrenos previamente adquiridos polo Concello porriñés” e que a captación de auga do embalse do Eiras por Porriño data dos anos 60 por autorización do Ministerio Obras Públicas, que logo asumiu a Xunta a través de Augas de Galicia”. “De feito é Porriño que ten o dereito de captar esa auga que facilita a Mos para o seu uso doméstico e no caso do polígono da Veigadaña para o seu uso industrial, non estando previsto nin aumentar o caudal suministrado nin outros usos”, argumenta a alegación de Porriño.

“Deberá terse en conta que Porriño segue a medrar en poboación cuns polígonos industriais de máxima actividade, de xeito que precisa o caudal que tén asignado”.

A alegación de Porriño acusa a Mos de “obviar totalmente a realidade, pretendendo apropiarse

dun dereito sobre unhas instalacións que de xeito algún ten aseguradas e que non lle son propias. O feito de que na actualidade as competencias de xestión de abastecemento e saneamento derivaranse ó Consorcio de Augas do Louro non supón que este ente público sexa propietario de ningunha das instalacións titularidad de cada Concello”.

Por último, a alegación de Porriño suliña o feito de que “as captacións que se dicen do Eiras, sonlle de Porriño, ben polo depósito sito na Risca que capta do eiras para o seu uso no termo municipal e do que deriva caudal para Mos e outros concellos; ben desde a ETAP de Os Valos que insistimos, construíse nuns terrenos previamente adquiridos polo Concello de O Porriño, para uso de Porriño e desde onde tamén abastece a Mos e outros concellos, a través da facultade que ten directamente atribuída Porriño”.

O Concello pon en marcha o programa de emprego “Porriño accede”

A Concellería de Servizos Sociais anuncia a posta en marcha do programa de emprego “Porriño Accede” dirixido a veciños e veciñas do concello en situación de desemprego.

Trátase por cuarto ano consecutivo de mellorar as posibilidades de atopar traballo mediante acción formativas deseñadas en colaboración con empresas radicadas no Porriño que incorporan prácticas non laborais.

“A nosa pretensión é mellorar as competencias profesionais e contribuir á inserción no mercado laboral das persoas que participan en ‘Porriño Accede’”, manifestou David Alonso, concelleiro de Emprego.

Deste xeito abrese un proceso de inscricións para participar nun primeiro curso de formación de operarios de loxística e almacenaxe que realizará ó longo do mes de febreiro no Multiusos de Torneiros.

As inscricións poderán realizarse no mesmo Multiusos de Torneiros ou chamanado ó número 986 338217 ou enviando un e mail ó enderezo electrónico formacion@porriñoemprego.org

A previsión é que unhas 40 persoas que participen nos cursos de “Porriño Accede” fagan formación nas empresas e que aproximadamente o 60% delas acaden un contrato despois do período de prácticas.

Once penados cumpriron 500 horas de traballos sociais no Concello

Once penados con condeas que non implicaban cárcere cumpriron máis de 500 xornadas de traballo pola comunidade en diversas tarefas en servizos municipais do Porriño durante o segundo semestre do ano 2019.

O Concello de O Porriño colabora co Centro de Inserción Social “Carmen Avendaño” de Vigo en facilitar o cumprimento desas condeas mediante traballo en beneficio á comunidade (coñecido polas siglas TBC) a persoas penadas por delitos leves con condeas non privativas de liberdade.

Desde xuño ata decembro de 2019, oito homes e tres mulleres realizaron esas cincocentas horas de traballo social nas brigadas de limpeza, parques e xardíns do Concello. A meirande parte desas xornadas de traballo realizanse en días laborais agás en catro casos que resolveron o tempo de condea traballando en fines de semana, segundo explicou Sergio Casal, concelleiro de Medio Ambiente.



Neste ano 2020 que vén de comezar, xa hai tres penados que iniciaron o cumprimento das súas condeas de traballo social, un o día primeiro de xaneiro outro o catro e outro o día 13.

O Código Penal contempla os traballos en beneficio da comunidade (TBC) para aquelas persoas condeadas a menos de dous anos de cárcere e que non teñan antecedentes penais. A meirande parte deste tipo de penados procede de condeas por delitos de tráfico e contra a seguridade vial (por exceso de velocidade ou sobrepassar os límites de alcoholemias).

Adxudicada a COVSA a humanización en Rúa Doantes de Sangue

A Xunta de Goberno Local acordou aprobar a adxudicación definitiva á empresa constructora “COVSA” para que execute a mellora de seguridade viaria na rúa Doantes de Sangue, cun orzamento de preto de 500.000 euros. Nesa partida inclúense ampliación de beirarrúas, a realización dunha rotonda, o cambio de parado dos buses escolares e outras actuacións complementarias de humanización. A adxudicataria dispoñe ata xuño para realizar ditas obras.

Na mesma reunión do gabinete municipal aprobaronse sendos expedientes para licitacións. Son

para contratar o servizo de limpeza dos centros educativos do concello e por outra banda para contratar o servizo de telefonía fixa e móbil así como de internet para o Consistorio.

Por outra banda, a Xunta de Goberno Local aprobou remitir á Deputación o Plan de Mobilidade. Asimesmo acordouse enviar á institución provincial, para a súa inclusión no Plan Concellos, media dúzia de pavimentacións de camiños municipais en Torneiros, Cavadas-Atios, Covelo-Atios, Centeans-Pontellas e A Vaquería-Budiño, así como as obras de humanización da rúa Aloques.

Convocatoria de subvencións a comunidades de augas

O Concello do Porriño anuncia as bases e convocatoria para a concesión de subvencións a comunidades de augas de consumo para o control sanitario, mantemento de instalacións e reparacións na rede de distribución

durante o presente ano 2020.

Para estas axudas estableceuse un importe máximo de 95.000 euros cun límite de máximo de 8.000 euros por asociación.

As bases publicaranse no Boletín da Provincia.

LOURINHA

O PORRIÑO

Éxito dos ciclistas porriñeses no Campeonato de España de Ciclocross

O Concello ofreceu unha recepción ós ciclistas porriñeses que acadaron títulos e unha sobranceira participación no recente Campeonato de España de Ciclocross celebrado hai dúas semanas en Pontevedra.

Asistiron Laura Mira e Uxía Soto, campeona e subcampeona de España en categoría cadete feminina respectivamente.

Tamén acudiron catro integrantes da selección galega que participaeron no Campeonato de España nas súas respectivas categorías, todos eles integrantes do club local A.D. Avanza. Son Oscar Fernández, Hugo Martínez, André Martínez (líder da Copa Galicia de ciclocross) e David Fernández (campeón galego da



modalidade de "Enduro").

Todos eles recibiron un agasallo do Concello de mans de David Alonso, concelleiro de Deportes que desexoulles moitos éxitos deportivos "pero tamén vos pido que sigades cos vosos estudos porque non se poden descuidar a vosa formación.

Á recepción ofrecida polo Con-

cello tan só faltou Marcial Rodríguez por problemas laborais. O Concelleiro de Deportes entregalle o agasallo de recoñecemento do Concello polo seu título de Campión de España de Ciclocross en categoría Master 50 que se une ó título de Campión de Galicia na mesma categoría que acadou no Porriño en decembro.

Presentada a "II Porriño 10-K" que pretende acadar 1500 participantes

David Alonso, concelleiro de Deportes e directivos do Club de Atletismo Porriño presentaron a segunda edición da "Porriño 10K", carreira pedestre que pretende establecer un novo record de inscricións. En 2019 rexistrou 1385 participantes e a pretensión do Concello e do Club de Atletismo é acadar os 1500.

A proba terá lugar o 15 de marzo pero o prazo de inscrición xa está aberto a través da páxina web www.championchipnorte.com.

"Porriño 10K" naceu en 2019 como consecuencia da desaparición da súa predecesora, a "Interrunning". "Aprendimos dos erros que cometimos o ano pasado e melloraremos en diversos eidos como a entrega de dorsais e a zona de saída e meta", dixo Pablo Soto, tesoureiro do club. "Este ano ademais cada participante inscrito recibirá como agasallo unha camiseta técnica de asas e a cambio deberán entregar un kilo de alimentos non perecedeiros para 'SOS Porriño'", revelou Soto.

A zona de saída e meta que



estará situada na praza do Concello tamén acollerá un espazo de avituallamento onde todos os participantes recibirán alimentos diversos elaborados coa colaboración das panaderías porriñesas. Tamén haberá un arco de meta con leds, un camión pódium e unha pantalla xigante para seguir a retransmisión en "streaming" que se realizará da proba con dúas cámaras movís e outra fixa na praza.

Patricia Estévez, presidenta do club agradeceu a "gran colaboración do Concello e particularmente do concelleiro de Deportes pola súa implicación e que se nota que

ama o atletismo".

Pola súa banda, o concelleiro de Deportes agradeceu "de xeito moi especial o traballo que van facer os 100 voluntarios entre persoal de Protección Civil, Policía Local e colaboradores do Club de Atletismo que son vitais para garantir a seguridade de todos os participantes". Asimesmo David Alonso invitou "ós veciños dos concellos da contorna e do norte de Portugal para que se animen a participar nesta carreira que se vai desenvolver nun circuito moi plano que percorrerá o centro da vila" dixo o concelleiro de Deportes.

Festexos limitará a pirotécnica en San Benito e no Cristo

O Concello de O Porriño vai empregar pirotecnia sen ruido nas dúas festas principais da vila (San Benito e O Cristo) para eliminar a contaminación acústica. A Concellería de Festexos está a preparar unha ordenanza que asimesmo recomende ás asociacións de veciños e comisión organizadoras das demais festas que se celebran no termo municipal para que limiten o uso de fogos artificiais e demais artefactos pirotécnicos.

Cami Moreira, concelleira responsable de Festexos informou de este asunto na Comisión de Cultura celebrada onte a raíz da moción que vai presentar no vindeiro pleno o grupo municipal de "EU Son".

Tamén na mesma Comisión Municipal, Cami Moreira respondeu ó PP a propósito da moción que presentará este grupo para ampliar o horario de apertura da Biblioteca Municipal a sábados e domingos. A concelleira explicou que caso de acordarse requiriría a contratación de persoal xa que o actual cumpre co horario laboral normativo.

Tamén deberá valorarse pola Corporación a posibilidade de contratar persoal para o Albergue de Peregrinos á vista das condicións de novo convenio que propón a SA de Xestión do Xacobeo ao Concello.

Contrato de limpeza viaria

Por outra banda o goberno municipal de O Porriño proporá no vindeiro pleno que a corporación acorde solicitar un informe á firma "Lagares y Oca" para que asesore ó Concello ante a

situación creada co contrato de limpeza viaria.

"Lagares y Oca" é a mesma consultora que fixera o prego de licitación. A consulta propuxose onte na Comisión Municipal de Economía á vista das novidades xurídicas do caso. A actual concesionaria, a firma "Ascan" ven de notificar ó Concello que presentou recurso contra a decisión da Mesa de Contratación que decidiu a súa exclusión en cumprimento da resolución adoptada polo Tribunal de Contratos Públicos de Galicia (TACGAL). Asimesmo "Ascan" informou ó Concello que tamén presentou recurso contencioso ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG). En ambos recursos plantea que todas as empresas que licitaron tamén incumprían o prego segundo a interpretación que fixo o TACGAL.

Outras Comisións

A Comisión de Asuntos Sociais coñeceu as mocións que os grupos municipais de EU Son e BNG presentarán no pleno en defensa da sanidade pública. Ambas formacións políticas levarán a proposta de que o Concello de O Porriño apoie a manifestación en defensa da sanidade pública que terá lugar o 9 de febreiro.

Tamén houbo Comisión de Urbanismo que, entre outros asuntos, confirmou que levará ó pleno municipal do 29, a cesión dunha parcela de 8.000 metros cadrados no Polígono das Gándaras á asociación "Aceasca" para a construción do centro de formación dual. O terreo está a continuación do Parque de Bombeiros.

REFORZO ESCOLAR-IDIOMAS-TÉCNICAS DE ESTUDIO
PEDAGOGÍA TERAPÉUTICA-TALLERES INFANTÍS
FORMACIÓN PARA ADULTOS

TEMPOS MATRÍCULA GRATUITA
CENTRO DE ESTUDIOS

CLASES DE TODAS AS MATERIAS para alumnos de Infantil, Primaria, ESO e BACH

Reveriano Soutullo, 3 - T.B.
654 07 57 51

O PORRIÑO

O Porriño terá protagonismo no xeodestino “Ría de Vigo e Baixo Miño”



Alcaldesa Eva García manifestou a súa “satisfacción polo protagonismo que vai ter O Porriño na proposta de rutas turísticas do primeiro reino medieval de Europa que se presentou onte en FITUR. Trátase do primeiro produto turístico que propón o Xeo destino “Ría de Vigo e Baixo Miño” do que forma parte O Porriño xunto con outros trece concellos da contorna.

Eva García expresou a súa convicción de que “O Porriño probablemente sexa o gran descoñecido do Xeodestino que vimos de pre-

senta porque moita xente ignora que a nosa vila está no centro do Camiño Portugués e os atractivos que ofrecemos en patrimonio artístico, paisaxístico, e para a práctica de deportes de aventura”, manifestou.

A alcaldesa do Porriño e o concelleiro de Turismo, David Alonso asistiron á presentación do “Xeodestino” no pavillón de Galicia en Fitur que contou co apoio de Nava Castro, director xeral de Turismo da Xunta. Xunto a ela interviron no nome dos catorce concellos do Xeodestino, as alcaldesas de Redondela, Mos

e Tomiño que ademais é a presidenta de turno do Grupo de Desarrollo Rural.

Desde Madrid onde sigue a participar en diversos actos da Feira Internacional de Turismo, Eva García declarou que “estamos adquirindo experiencias para saber que temos que pfercer que sexa atractivo para o turismo”.

A alcaldesa e o concelleiro participaron este mediodía como invitados na presentación da campaña da Deputación de Pontevedra de promoción turística para 2020 baixo o lema “Sigue o teu instinto”.

O Concello do Porriño renova contratos de patrocinio con doce clubs



Alcaldesa Eva García recibiu ós presidentes e directivos dos doce clubs da vila que se benefician de contratos de patrocinio do Concello do Porriño. Os convenios xa corresponden ó exercicio de 2020.

Despois da súa firma electrónica abonaranse nestes días 334.000 euros que corresponden o oitenta por cento do total dos respectivos patrocinios.

Os doce clubs beneficiarios son: Balonmano Porriño; Porriño Baloncesto Base; Porriño Industrial; C.D. Pontellas; U.D. Atios;

Mosende C.F.; Club San Salvador de Budiño; A.D. Avanza; Club de Tenis Porriño; Club de Atletismo Porriño; Club Patín Porriño y Club Colombófilo.

Eva García anunciou que “este ano 2020 agardamos que sexa o último en que empregamos este sistema de convenios e para o orzamento de 2021 pretendemos que se estableza un sistema por concorrencia competitiva qe sexa máis axeitado tanto ós méritos deportivos como o traballo coa base e o número de practicantes”, sinalou a alcaldesa.



LOURINHA

SALCEDA DE CASELAS

Salceda presenta o Programa Integrado de Emprego con 100 persoas

O Concello de Salceda de Caselas, a través da Concellaría de Emprego e Formación que dirixe Verónica Tourón, ven de presentar esta mañá o Programa Integrado de Emprego, subvencionado con 250.000 € por parte da Xunta de Galicia.

Á xornada de presentación acudiron as 100 persoas desempregadas de sectores diversos: discapacidade, risco de exclusión social, menores de 30 anos con baixa cualificación e cualificadas, maiores de 45 anos, persoas desempregadas perceptoras de prestación, subsidios por desemprego e RAI, mulleres, etc. Na mesma tamén estiveron presentes ás dúas técnicas responsables do programa, a tenente alcaldesa Verónica Tourón e a al-

caldesa Loli Castiñeira.

Este programa achega as ferramentas necesarias e o apoio profesional ás persoas participantes, das cales 84 son veciñas de Salceda, 15 de Salvaterra e 1 de Porriño.

As persoas beneficiarias participarán nun mínimo de cinco accións de orientación, mellora das competencias sociais e profesionais e formación específica en catro itinerarios formativos: Administración e atención ao cliente, almacén, produción industrial e hostalería.

O programa tamén contará con prácticas non laborais en empresas da zona coas que o Concello establecerá convenios de colaboración para cumprir co compromiso de inserción marcado, sempre co ob-



xectivo final da mellora da empregabilidade e a inserción laboral.

Verónica Tourón, definiu o programa como “unha moi boa oportunidade para mellorar a empregabilidade, unha carreira de fondo na búsqueda de emprego que con seguridade vai a mellorar

este eido e a vida das persoas participantes”. Engade, “dende o equipo de goberno apostamos por poñer en marcha políticas activas de emprego e este é un claro exemplo”

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda: “este goberno vai a cen-

trar os seus esforzos en mellorar a situación dos colectivos máis desfavorecidos, como o das persoas desempregadas. Con este Programa espérase lograr un mínimo do 40% de inserción, polo que representa unha moi boa oportunidade para a nosa veciñanza”

O PP de Salceda volve votar en contra de pagar as facturas dos provedores

O Equipo de Goberno do Concello de Salceda lamenta o acontecido na Comisión Informativa celebrada onte, onde unha vez máis o Partido Popular de Salceda seguiu na liña de votar en contra do Recoñecemento Extraxudicial de Crédito que permitirá o pago de 783.121,60 € a diferentes provedores do Concello de Salceda. O REC debatirase nun pleno extraordinario o vindeiro xoves 23. A pesares de acreditar a existencia suficiente de crédito nas diferentes partidas orzamentarias e liquidez nas contas bancarias do Concello, o Partido Popular decide seguir na súa liña de ir en contra da acción de Goberno, sen importarlle que os provedores poidan ou non cobrar polos traballos realizados para o Concello.

Denuncian dende o equipo de goberno a enorme irresponsabilidade do Partido Popular, que defende os seus intereses sobre os intereses, neste caso, das empresas e autónomos que traballan para o Concello de Salceda. Lembran dende o Equipo de Goberno, que na relación de pagos inclúense



facturas de servizos fundamentais como o Servizo de Axuda no Fogar, para o cal o Concello de Salceda leva feito un esforzo importante de incremento de horas para poder atender a todas aquelas persoas que o precisan, así como facturas derivadas de rogos e peticións presentadas polos diferentes grupos da corporación.

Lembran dende o equipo de goberno que o Recoñecemento Extraxudicial de Crédito é unha figura legal para “evitar o enriquecemento inxusto da Administración”. O informe de intervención sinala tamén que “existe crédito suficiente nas aplicacións adecuadas do orzamento para 2019 para a imputación das obrigas cuxa aprobación se propón”.

Lucía Pereira, Concelleira de Facenda: “Non existe ningún motivo para non pagar a provedores e empresas, en moitos casos de Salceda, que realizaron os seus traballos ou ofreceron os seus servizos. Parécenos de extrema gravidade poñer en risco os ingresos de todos eles polos intereses dun partido político”.

Loli Castiñeira, Alcaldesa de Salceda: “Salceda é un municipio dinámico no que os servizos medran continuamente, o cal require un maior esforzo orzamentario. O Concello de Salceda conta con liquidez suficiente para facer fronte de inmediato ao pago das facturas adebedadas, e é cuestión de responsabilidade facelo canto antes”.



Entroido en Salceda de Caselas

Como cada ano, a sana ribalidade entre os barrios de A Feira e Castro Barreiro dará cor ó entroido de Salceda. Lembramos nestas fotos as carrozas elaboradas por cada barrio no 2019, na foto superior a carroza da Feira e na inferior a de Castro Barreiro.

O Concello de Salceda reduce a 35 horas semanais a xornada laboral da súa plantilla

A Mesa Xeral de Negociación convocada polo equipo de goberno de Salceda serviu para aprobar dúas importantes melloras para a plantilla municipal, que entrarán en vigor a partires do vindeiro 1 de febreiro.

Por unha banda, establécese ao abeiro do recollido na disposición adicional 144 da lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, a xornada laboral semanal de 35 horas para o persoal municipal, que no caso de Salceda pasarán a desenvolver a súa xornada ordinaria en horario de 8.00 a 15.00, coa excepción dos postos que conleven o desempeño de quendas de traballo, xornada partida, etc. A medida será aplicada de xeirto inmediato a partires do 1 de febreiro.

Tamén en base á lei 6/2018, de 3 de xullo, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2018, a mesa de negociación aprobou para o persoal laboral que o complemento retributivo desde o primeiro día en situación de incapacidade temporal ou licenza por enfermidade, sumado á prestación do Réxime Xeral da Seguridade Social, alcance o cento por cento das súas retribucións ordinarias do mes de inicio da incapacidade temporal, equiparando deste xeito os dereitos do persoal laboral



cos do persoal funcionario. Neste caso, a medida terá efectos retroactivos dende o 1 de xaneiro de 2020.

A Lei de Presupostos Xerais do Estado deixaba aberta a opción de acollerse a estas melloras aos Concellos, e así ven de facelo o Concello de Salceda de Caselas, aprobando as melloras en mesa coa representación sindical.

A convocatoria celebrada esta mañá na Casa do Concello con asistencia da alcaldesa e responsable da área de persoal, Loli Castiñeira, representantes dos dous grupos do goberno (MS e PSOE) e representantes sindicais das tres forzas con representación no Concello (CSIF, CIG e CC00) serviu tamén para que o equipo de goberno lles anunciase ao persoal municipal o inicio dos traballos para acadar a primeira RPT do Concello de Salceda, tal e como fora o seu compromiso a finais do pasado ano 2019.

Publicadas as bases para o desfile de entroido de Salceda

O Concello de Salceda de Caselas, a través da Concellaría de Cultura e Festexos, que dirixe Alex Rodríguez ven de publicar as bases para participar no XXII Desfile de Carrozas e Comparsas que se celebrará o domingo 23 de febreiro de 2020.



Durante a semana do 3 ao 9 de febreiro as agrupacións de Salceda poderán formalizar a súa solicitude, e dende o 10 ao 16 a inscrición abrírase para as agrupacións de calquera Concello. As agrupacións deberán facer a súa solicitude a través da Sede Electrónica do Concello.

As agrupacións deberán estar formadas por un mínimo de 15 compoñentes, e poderán presentarse con ou sen carroza, establecéndose diferentes categorías en ámbolos dous casos. Ademais, o desfile completárase co concurso de coplas no que participan todas as agrupacións. Todas as comparsas admitidas recibirán unha compensación económica pola súa participación, que varía entre os 100 e os 700 € en función do número de compoñentes.

Ademais da dotación económica, establécese un xamón como premio para diversas categorías: A mellor música en directo, a mellor coreografía, a comparsa máis festeira, a comparsa con maior número de compoñentes, o tema máis orixinal, o mellor vestiario, a mellor maquillaxe, a carroza máis traballada, a carroza máis orixinal, o mellor traballo en conxunto, as coplas máis divertidas,

as coplas mellor recitadas e o participante de maior idade.

Toda a información e as bases do concurso poden consultarse a través da páxina web do Concello www.salceda-decaselas.gal ou no taboleiro de anuncios do mesmo Concello.

En Salceda, o Entroido é unha das súas festas máis importantes, para o que se prepara xa unha ampla programación que será presentada ao completo uns días antes das festas.

A programación municipal completará o xa tradicional enfrontamento entre Castro Barreiro e A Feira, que hai xa máis de 130 anos se ven celebrando, e para o que os barrios levan xa tempo traballando arreo no máis estrito segredo.

Alex Rodríguez Canosa, Concelleiro de Cultura: "O Entroido é sen dúbida a festa máis importante de Salceda, unha festa que a veciñanza vive con paixón, cando menos dende hai 130 anos. Xa estamos a traballar entre as diferentes concellaría para que a festa sexa un éxito para as persoas participantes e para as milleiros de visitas que se achenarán ao noso Concello".

Conde destaca a colaboración público-privada para facer do novo viveiro industrial de Mos un motor da economía local

O conselleiro de Economía, Emprego e Industria, Francisco Conde, participou, acompañado pola alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo, na presentación do novo viveiro industrial de Mos, na que cooperan o Concello e a Asociación de empresarios de Mos (AEMOS) co apoio da Xunta, e que, cun investimento de preto de 300.000 euros, permitirá ofrecer novos servizos a emprendedores e em-

presas. Conde destacou hoxe a colaboración público-privada para facer do novo viveiro industrial de Mos un motor da economía local.

Na súa intervención, Conde salientou o labor que desenvolve Aemos, e destacou que Mos forma parte dos Concellos Emprendedores, un distintivo co que contan un total de 131 municipios de toda Galicia, 20 deles na provincia de Pontevedra. Estes concellos

beneficianse das vantaxes de formar parte desta iniciativa que busca facilitar o investimento empresarial, entre as que se inclúen máis simplificación administrativa á hora de poñer en marcha un novo negocio; máis facilidades de acceso ao solo industrial e máis incentivos fiscais para o seu tecido empresarial.

O feito de que Mos sexa Concello Emprendedor facilitou que Mos puidese acceder aos fondos



destinados á posta en marcha de viveiros industriais, e serviu, tal e como apuntou Francisco Conde, para propiciar que a planta de

Benteler se instalase na localidade, cun investimento de 20 millóns de euros e xerando 175 novos postos de traballo.

BAIXO MIÑO

TUI

Máis de 138 cidades realizarán a Alfombra Mundial en xuño de 2021 promovida polos Alfombristas do Camiño

A Orde do Camiño de Santiago será embaixadora do proxecto a nivel mundial

A realización dunha alfombra de flores cun mesmo deseño a nivel mundial o 24-25 de xullo de 2021 é o proxecto no que traballa a Comisión Xestora de Entidades Alfombristas do Camiño de Santiago. Ao mesmo téñense sumado xa 138 cidades, entre elas Tui. Ser embaixadores deste proxecto é o obxectivo do convenio asinado este mediodía na casa do concello de Tui entre do presidente da comisión xestora de entidades Alfombristas do Camiño de Santiago, Miguel García Correa, e do vicepresidente executivo da Orde do Camiño de Santiago, Alejandro Rubín Carballo. O acto foi presidido polo alcalde de Tui, Enrique Cabaleiro, e contou coa presenza de representantes das

asociacións de alfombristas de Tui, María de los Ángeles Fernández, de Gondomar, Mercedes González, e de Bueu, Carmen Farto.

O alcalde, Enrique Cabaleiro, agradeceu a ambas entidades - a Comisión Xestora de Entidades Alfombristas do Camiño de Santiago e a Orde do Camiño de Santiago - ter elixido Tui para asinar este convenio. Indicaba na súa intervención que "ningunha cidade mellor que Tui reflicte o sentimento sobre o espírito do Camiño de Santiago. Somos unha cidade histórica cun legado histórico único, porta de entrada do Camiño Portugués de Santiago...". E afirmaba que nestes momentos o "Camiño de Santiago para os tuidenses é unha das nosas principais



sinais de identidade".

O vicepresidente executivo da Orde do Camiño de Santiago, Alejandro Rubín Carballo, cualificou o proxecto de realización dunha alfombra mundial de "extraordinaria" apuntando que os membros da orde que representa - formada

por máis de 1.200 persoas de 24 países - e os alfombristas serán embaixadores do Camiño de Santiago. Tamén agardou que o de hoxe sexa o comezo doutros proxectos que se realicen para pór en valor Tui coma porta de entrada do Camiño Portugués.

O presidente da comisión xestora de entidades Alfombristas do Camiño de Santiago, Miguel García Correa, explicou que hoxe se cumpren 6 meses dende o nacemento deste proxecto ao que se teñen sumando xa 138 cidades das que 68 están en España, 22 delas en Galicia, 33 en Italia, e outras en máis de 17 países. Cada día se van incorporando novos municipios. Un proxecto que está unindo ao alfombrismo de todo o mundo dende o Camiño de Santiago, e que pon en valor tanto a vía xacobeá coma o alfombrismo.

A comisión xestora de Entidades Alfombristas do Camiño de Santiago tamén promove outro proxecto denominado "Alfombras para el Camino", que consistirá na realización, de xaneiro a xuño de 2021, de alfombras en cada un dos camiños de Santiago.

Tui, Ribadavia e Monforte promocionaron o seu pasado xudeu común no stand de Galicia en Fitur

Os alcaldes de Tui, Ribadavia e Monforte de Lemos participaron nun acto no stand de Galicia en Fitur no que as tres cidades foron protagonistas xa que forman parte da Rede de Xuderías de España. A cidade de Tui, incorporouse o pasado ano á Rede, "xogando Monforte un papel importante nesta incorporación", tal e como destacou José Tomé Roca no inicio da súa intervención..

O acto promocional, e foi presentado pola directora xeral de Turismo da Xunta de Galicia, Nava Castro, e no que cada un dos representantes das tres cidades galegas tivo o seu tempo para defender e resaltar o valor que cada cidade ten en torno á súa heranza sefardí e dar a coñecer ó visitante a impronta que a comunidade xudía deixou, a nivel artístico e cultural, naquelas.

En concreto, o alcalde de Monforte, iniciou a súa intervención resaltando que "o noso obxectivo é poñer en valor o noso pasado

xudeu que temos en común, que supón un importante influxo cultural que chega ata os nosos días e tamén un potencial turístico moi importante. É para min unha enorme satisfacción poder mostrar hoxe no stand de Galicia en FITUR, unha pequena mostra da importancia e a pegada que a cultura xudía deixou ao longo dos séculos na cidade de Monforte".

O rexedor monfortino explicou que os membros da Rede de Xuderías "actuamos de forma conxunta en defensa do patrimonio histórico e do legado xudeu, promovendo proxectos culturais, turísticos, académicos e realizando unha política de intercambio de experiencias nacionais e internacionais que contribúan ao coñecemento e respecto mutuo dos pobos, das culturas e das tradicións".

Por iso, o equipo de goberno de Monforte, potencia e destaca o pasado sefardí da cidade, coa promoción de iniciativas que axuden a potenciar os recursos cul-



Os alcaldes de Tui, Ribadavia e Monforte con Nava Castro.

turais relacionados con dito pasado. "En definitiva", salientou o alcalde "estamos ante unha historia oculta moito tempo, desvelada logo de 500 anos e agora recuperada, defendendo o legado xudeu, que é fundamental para o enriquecemento da nosa cultura e a potenciación da nosa oferta turística".

Antes de rematar a súa intervención José Tomé Roca desvelou que para esta presentación dende

o Concello se elaborou un vídeo promocional, de dous minutos e medio, que se proxectou no stand de Galicia logo de rematar o seu discurso, "un vídeo que é un exemplo claro da pervivencia da cultura xudía na cidade de Monforte dende a época dos Reis Católicos ata os nosos días" e que ten por obxectivo animar ós que o vexan a visitar a cidade do Cabe e descubrir a súa importante pegada sefardí.

Doble pase de "O que arde"

"O que arde" de Oliver Laxe poderá verse venres 7 en Tui en dobre función, ás 19.30 h e ás 21.30 h. O Concello de Tui ante a gran demanda de localidades rexistrada dende a apertura da venda online o pasado sábado decidiu realizar dous pases da película.

"O que arde" tense convertido xa na película rodada en galego máis vista, con máis de 70.000 espectadores, superando a "Sempre Xonxa" de Chano Piñeiro.

Premiada cos Goya de Mellor actriz revelación, para Benedicta Sánchez, e o de Mellor dirección de fotografía para Mauro Herce, pero tamén foi galardoado nos festivais de Cannes, Donostia, Toronto ou Nova York.

As entradas online están a venda en www.culturatui.info, onde se poderán mercar até este venres ás 12 h. Resérvanse 50 entradas por pase para a venda no despacho de billetes o venres hora e media antes da proxección. Os prezos son 5€ e 4€.

Tui celebrará o desfile concurso de Entroido o martes 25 de febreiro

Repartiranse 5.600 € en premios. O domingo 1 de marzo terá lugar o Enterro do Bacallau

O martes, 25 de febreiro, celebrarase en Tui o tradicional Desfile-Concurso de Entroido. No mesmo poderán participar grupos de entre 10 e 20 persoas e comparsas con máis de 25 persoas disfrazadas en conxunto. Desenvolverase dende ás 17 h no circuíto establecido polas rúas Casal Aboy, Compostela, Betanzos, Irmáns Maristas, Ourense e A Guarda.

A inscrición realizarase exclusivamente a través da sede electrónica do Concello de Tui nos tres días posteriores á publicación das bases no BOPPO, Boletín Oficial

da Provincia. Limitase a participación ás 20 primeiras comparsas inscritas e aos 5 primeiros grupos, coa salvidade de que nunca unha comparsa ou grupo de Tui quedarán fóra de concurso.

No caso de choiva será aprazado para o sábado 29 de febreiro, tamén ás 17 h. Só nese caso abrirase un novo prazo de inscrición para aquelas entidades que non se inscribían con anterioridade e desexen participar nesta nova data. A inscrición formalizarase só 26 de febreiro a través da sede electrónica.

O xurado, formado por 6 mem-

bros de asociacións tudenses, 4 cidadáns tudense, e 2 traballadores municipais, e presidido pola concelleira de Cultura, terá en conta na súa valoración o número de participantes, a actualidade da temática elixida, a parodia de temas locais, o vestiario, o acompañamento musical e a carroza, así coma o vestiario e a coreografía das que opten ao premio de fantasía.

No Desfile-Concurso de Entroido 2020 repartiranse 5.600 € en 18 premios de catro categorías: xeral, carroza, acompañamento musical e fantasía. Repartiranse ademais 18 trofeos valorados en 400 €. Amais pola súa participación as comparsas recibirán 500 € se desfilan con



carroza e 250 € se desfilan sen carroza, e os grupos 200 € e 100 € respectivamente.

Coma despedida do Entroido o domingo, 1 de marzo, ás 19:30 horas celebrarase o Enterro do Bacallau. Sairá dende a Praza de San Fernando, para percorrer as rúas Seixas, Porta da Pía, Ordóñez, Corredoira, con parada no Cantón de Diómedes para realizar o funeral

e ler ou cantar as coplas ao finado Bacallau. As comparsas e os grupos que así o desexen poderán entregar unha copia das coplas, o mércores 26 de febreiro, a través da sede electrónica do Concello de Tui. A comitiva continuará polas rúas Augusto González Besada, Ourense e aparcadoiro municipal, onde terá lugar a cerimonia de incineración.

O Partido Popular de Tui reclama que a Oficina de Turismo abra os domingos

Dende hai un par de semanas a Oficina Municipal de Turismo do Concello de Tui ten adoptado un novo horario de apertura ao público: de Martes a sábado de 09,00 a 14,00 horas e de 15,00 a 16,30 horas.

O Grupo Municipal do Partido Popular congratúlase, por unha banda, da apertura desta Oficina Municipal de Turismo pero lamenta o horario establecido pois deixa sen atención ao público o domingo, o día en que a cidade recibe, nesta tempada baixa, un maior número de visitantes e que desta forma carecen do asesoramento deste

servizo municipal.

En consecuencia reclamamos do goberno municipal de coalición entre o Psoe e En Marea unha modificación deste horario de apertura para que, respectando os dereitos dos traballadores, esta Oficina Municipal de Turismo estea aberta tódolos domingos e peche noutro día da semana en que, previsiblemente, a afluencia de visitantes á nosa cidade sexa moito menor.

Nunha nova oportunidade o concelleiro delegado de turismo amosa a súa escasa capacidade de xestión. Esta omisión da apertura dominical está na liña da improvisación doutras me-

didias anunciadas por esa concellería: unhas letras de grandes dimensións da cidade ou o marco para fotografía e selfies, que logo destacaron pola súa ínfima calidade e como en lugar de realizar unha promoción da cidade tiveron, no caso das letras, que ficar ocultas na oficina de turismo.

Unha improvisación e falla de xestión que podemos tamén evidenciar nas diversas exposicións que se realizan nesta Oficina Municipal de Turismo (recentemente de pintura) e que nin sequera figuran reseñadas na axenda de eventos do Concello de Tui.

O Concello busca converter a praza de abastos nun Mercado de Excelencia

Converter a praza de abastos de Tui nun Mercado de Excelencia é un dos obxectivos do goberno municipal do Concello de Tui. Grazas ao financiamento da Xunta de Galicia, encargou un estudo da situación actual da praza e das propostas de mellora para lograr ese recoñecemento.

A praza de abastos de Tui conta cunha superficie 939,65 m² e 51 postos de venda, dos que 26 están situados na área perimetral, 25 na bancada central, e un máis sería a superficie destinada a supermercado. A ocupación de postos rexistrada na actualidade é do 43%. Así se recolle no estudo realizado onde se deixa reflecte que, en xeral, a oferta é de calidade media-alta, destacando o peixe como produto estrela.

Tamén se sinala na diagnose realizada a importancia que ten ofrecer un produto local de calidade para captar a unha clientela potencial formada pola poboación

nova interesada na gastronomía e na saúde.

O informe propón a reorganización dos praceiros e praceiras actuais, mellorar a oferta de produto local de calidade e introducir novas actividades para as superficies libres, como parte da nova estratexia de optimización do mercado. Tamén advirte do risco que corre a praza si non se moderniza e se introducen cambios e melloras no seu funcionamento, presentación de produtos, organización interna ou captación de novos produtos cara a potenciais clientes. Así propónse a creación dunha área Gastro reservada para a instalación de servizos de hostalería, comida para levar e degustacións, e dunha área de formación e obradoiros. Para dinamizar a praza o estudo suxire a realización de actividades de promoción do mercado e dos seus produtos e a organización de mercados temáticos.

A Oficina de Atención aos Afectados de Paramos e Guillarei trasládase á casa do concello

A Oficina de Atención aos Afectados de Paramos e Guillarei vén de trasladarse á casa do concello de Tui. Pasa a estar situada na ala dereita do primeiro andar do edificio. Dende a súa creación, tras a explosión

rexistrada no barrio da Torre en 2018, viña prestando servizo no Centro Municipal de Formación en Guillarei. De agora en diante seguirá atendendo aos afectados os luns, mércores e venres en horario de 9 a 14 h.

BAIXO MIÑO

A GUARDA

Orpagu recibe en Fitur o premio Azul do Grupo Excelencias polas súas prácticas sostibles

A Organización de Palangreiros Guardeses (Orpagu) acaba de recibir un novo recoñecemento á súa traxectoria. Nesta ocasión, trátase dunha importante distinción que enxalza o seu labor en favor da sustentabilidade dos recursos e do mar: o Premio Excelencias Turísticas 2019 na súa categoría Azul. Un galardón que recolleu en Madrid, no marco da feira Fitur, e que foi recibido con enorme satisfacción por parte dos armadores de Orpagu, que consideran que se outorga valor a todos os esforzos que veñen realizando desde hai anos para o coidado do medio no que traballan e do que dependen numerosas persoas na Guarda. O galardón

está así mesmo vinculado ás súas conservas de peixe espada e atún elaboradas con prácticas sostibles e produtos de primeira calidade.

Orpagu foi a única empresa galega gaardada nos Premios Excelencia 2019, outorgados polo Grupo Excelencias, o que supón un maior orgullo para a organización que preside Joaquín Cadilla.

Entre as actividades despregadas pola organización nos últimos anos neste ámbito destacan as súas xornadas internacionais de pesca ao redor de temas de actualidade para o sector, cursos de primeiros auxilios para que os pescadores consigan devolver ao mar con vida as tartarugas capturadas

de forma accidental, así como a súa participación na creación do FIP Blues, o primeiro proxecto de mellora pesqueira a nivel mundial que inclúe unha especie de quenlla ou a súa aposta polas velas rixidas para os palangreiros para aforrar combustible e minimizar o seu impacto no medio mariño, entre outras iniciativas.

Orpagu foi preseleccionada xunto a outra empresa española para o Excelencias Azul, pero finalmente o xurado, formado por profesionais independentes do mundo do turismo e a gastronomía, decantouse polo proxecto galego pola súa relevancia e a súa aposta clara pola sustentabilidade.

Os Premios Excelencia son uns galardóns que o Grupo Excelencias creou hai 15 anos co obxectivo de remarcar a grandeza en diferentes ámbitos relacionados co turismo, a gastronomía e a cultura en Iberoamérica e que se converteron nun referente. En 2005, este grupo decidiu que aqueles proxectos, institucións ou persoas do sector turístico que foran excelentes no seu terreo debían ser recoñecidos e premiados, outorgándolles a oportunidade de difundir os seus méritos e resultados. Desta forma, un xurado internacional formado por personalidades da cultura e o turismo analiza os proxectos máis representativos do ano, valorándoos segundo



Laura Baz recibe o premio para Orpagu.

as súas achegas desde moi diversas perspectivas. De feito, o Premio Excelencias pode ser para unha idea, unha innovación, unha asociación... Foi tal o éxito e tantas as candidaturas recibidas que o grupo empresarial decidiu sumar ao proxecto o Excelencias Gourmet para recoñecer traxectorias, esforzos, proxectos e resultados nesta área, así como para dar visibilidade a proxectos gastronómicos que favorecen e apoian a cultura e o turismo.

Á gala acudiu en representación da Organización de Palangreiros Guardeses, Laura Baz, quen recibiu o galardón de mans do presidente do Grupo Excelencias, José Carlos Santiago.

Todo un clásico de A Guarda, con máis de 50 anos a su servicio. Comida casera y extensa carta de vinos.

Especialidades:
 Pulpo con patatas
 Estofado de Marisco
 Revuelto de la casa
 Pescado de la costa

CASA CHUPA OVOS

A Roda, 24 - 36780 A Guarda 986 61 10 15

Ribeira do Miño
 marisquería

PLATOS TÍPICOS GALLEGOS
 MARISCADAS PARA LLEVAR



Santa Brígida, 1
 28004 MADRID
 Tel. 91 521 98 54
 Tel. 91 531 33 93

www.marisqueriaribeiradomino.com



A GUARDA

A Guarda pide á Consellería do Mar un futuro para o seu Porto

O 15 de xaneiro do 2020 representantes das asociacións guardesas, ORPAGU, Piueiro, Alagua e Confraría de Pescadores, encabezados polo alcalde, Antonio Lomba, tiveron unha reunión en Santiago coa conselleira do Mar, Rosa Quintana, e a presidenta de portos de Galicia Susana Lengas, para trasladarlle as demandas da cidadanía guardesa, en relación ao futuro do porto, expresadas a través das súas asociacións.

En agosto de 2019 xurdiu na Guarda un movemento civil apoiado polas asociacións empresariais, culturais, deportivas e sociais, e polo propio concello, que ten como obxectivo conseguir melloras para o seu porto que permitan un uso máis intensivo da lámina de auga, tanto para profesionais como náutico deportivas, e que actúe como o motor económico da localidade, como o fixo no pasado.

As melloras que se pretenden conseguir permitirán poder usar o porto durante todo o ano de forma segura e dotalo de servizos e infraestruturas de atraque.

A obra principal que se propón, e así llo trasladaron ás responsables políticas da Xunta,



e a construción dun espigón que parta do sur do espigón vello (na zona do Balueiro) e que remate por fora do espigón norte. Isto evitará a entrada dos mares que na actualidade fan o porto impracticable con mal tempo.

A representación Guardesa valorou de forma positiva a reunión xa que conseguiron o compromiso das responsables da Xunta de traballar nas demandas que lle presentaron co obxectivo de elaborar un estudo de viabilidade técnica e unha valoración económica da construción do espigón.

Así mesmo o alcalde solicitou, unha vez máis, o apoio da conselleira para a construción do vial de acceso sur ao porto. O proxecto desta infraestrutura foi redactado na anterior lexislatura pola Deputación Provincial de Pontevedra e na actualidade está pendente dos informes sectoriais.

O BNG vai facilitar a aprobación da Conta Xeral para impedir a perda de máis subvencións

O portavoz municipal do BNG Anxo Baz, manifestou que “frente ao desleixo e debilidade do goberno do PSOE precisamos actuar con altura de miras para frear a emorraxia de axudas perdidas por non seren capaces de presentar a Conta Xeral a tempo”.

O feito de non ter presentado no prazo requerido a Conta Xeral por parte do goberno do PSOE, levounos xa a non poder optar a tres subvencións da Xunta de Galiza como no seu momento denunciámos dende o BNG.

As subvencións as que xa non podemos optar son aquelas destinadas a recuperación e tratamento paisaxístico do contorno dos recursos

turísticos, recuperación ou mellora de miradoiros, sendeiros, rutas, a adecuación de espazos destinados ao estacionamento de vehículos, así como ao embelecemento das vías, ocultamento de colectores de residuos, eliminación de cableado aéreo, recuperación de elementos de interese etnográfico ou de arquitectura tradicional, ademais de proxectos de promoción e dinamización do Xacobeo para os anos 2020 e 2021.

De non aprobarse a conta xeral canto antes, as axudas para a festa da lagosta ou para novas infraestructuras perderíanse tamén algo do que o BNG non vai ser complice. Este é o motivo polo que facilitaremos a aprobación da Conta Xeral.

Presentación da tempada do Club Remo Robaleira

O Club remo Robaleira vén de celebrar a presentación da Tempada 2020 xunto cos deportistas, familiares, amigos e patrocinadores/colaboradores.

No remoergómetro, contan con dous puntais; o incansable Damián Alonso, que vén de colleitar éxitos no campionato europeo e ten o mundial nas próximas semanas; e o equipo

de remo de San Xerome, cun palmarés envidiable que terá que esperar uns meses para competir polos cambios de datas nos campionatos.

Acometeronse melloras con axuda de subvencións e do Concello, como a compra dunha nova furgoneta e dous ergómetros novos, melloras nas instalacións como a nova pintura do ximnasio, etc.



BAIXO MIÑO

A GUARDA

O Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño presenta en FITUR o primeiro reino medieval de Europa

Posta de longo por todo o alto en FITUR do Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño. A Directora de Turismo de Galicia, alcaldes e alcaldesas xunta outros representantes dos 14 concellos que abrangue este xeodestino (A Guarda, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, O Porriño, O Rosal, Oia, Pazos de Borbén, Redondela, Soutomaior, Tomiño e Tui) presentaron en Madrid o primeiro produto do xeodestino: unha ruta turística polo primeiro reino medieval de Europa. Trátase dun percorrido artellado a través de diferentes etapas, dende os pri-

meiros poboadores que deixaron o seu selo nas pedras ata os nosos días. “Buscamos impulsar a creación de produto que evidencie a importancia do rol desempeñado polo noso xeodestino na historia de Galicia, un produto sostible, singular, perdurable e diferente”, sinalou a alcaldesa de Redondela, Digna Rivas.

Esta ruta ten un marcado enfoque vertebrador do xeodestino: que o turista se mova por todo o territorio de Ría de Vigo e Baixo Miño. Para conseguilo, o Xeodestino xa ten a disposición do público dous elementos promocionais singulares. Por un lado, unha

postal sonora para enviar por correo coa imaxe aérea de Tui e cunha pista de audio engadida que se poderá escoitar nun toca-discos ou a través dun código QR. Nesta postal soa música de Frai Rosendo Salvado, emblemático misioneiro de Tui que levou a Galicia ás Antípodas, interpretada pola prestixiosa pianista tudense Andrea González. Habrá unha postal por cada un dos 14 concellos do xeodestino.

Ademais, o público poderá ter información deste primeiro destino turístico grazas a un mapa do xeodestino que asegure a súa perdurabilidade. Este primeiro



mapa conta coas ilustracións da artista plástica María Meijide, que recolle un percorrido pola historia do xeodestino a través de catro etapas diferenciadas: antigüidade, medievo, idade moderna e idade contemporánea.

O Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño conta cunha folla de ruta para os vindeiros 5 anos. Segundo a alcaldesa de Mos, Nidia Arévalo. “Galicia destaca polo seu patrimonio, a súa his-

toria, a súa cultura, pero tamén pola súa paisaxe e recursos naturais, pola súa gastronomía e, como non, unha xoia: o Camiño de Santiago”, recordou ao tempo que destacaba outros elementos que favorecen a singularidade do territorio, como a pedra, a fronteira con Portugal, a auga, a práctica deportiva, as festas ou ofrecer un destino turístico tradicional e contrastado para familias en período estival.

GASTRO TABERNA COCINA GALLEGA





ABIERTO TODOS LOS DÍAS/COCINA ININTERRUMPIDA

Ortega y Gasset, 66 • Tel.: 91 401 44 45

As Pedriñas Novas

**MARISCOS
TRAÍDOS CADA
DÍA DE GALICIA**



Temporada de lamprea


Restaurante
El Jamón y el Churrasco
con sabor a Galicia
 91 579 03 50 - 91 570 03 19
 Infanta Mercedes, 64 28020 Madrid
www.jamonychurrasco.com






O concello de A Guarda avanza cara o Irmanamento con Povia de Varzim

Os dous concellos acordan que os máximos mandatarios se reúnan para acordar iniciar os trámites cara irmanamento.

O venres tivo lugar unha reunión con representantes da Asociación Piueiro, que presentou una solicitude no concello propondo a creación dunha Comisión Organizadora para o Irmanamento con Povia de Varzim. Se trasladou por parte do goberno a disposición para que este Irmanamento se realice. Se lles trasladou tamén a Piueiro que o equipo de go-



berno xa se puxera en contacto coa Cámara de Povia de Varzim para que os máximos representantes, o Presidente da Cá-

mara e o alcalde de A Guarda se reúnan para manifestar de maneira explícita a vontade do Irmanamento.

As asociacións guardesas manteñen unha nova xuntanza sobre o futuro do porto

Na xuntanza entre as asociacións que reclaman un futuro para o porto da Guarda, celebrada, o venres 24 de xaneiro, no antigo local da confraría de pescadores; O alcalde, Antonio Lomba, e os membros da comisión de seguimento (Confraría de Pescadores, Piueiro, ORPAGU E Alagaa), informaron sobre o contido da reunión mantida en Santiago, o pasado 15 de xaneiro, coa Conselleira do Mar, Rosa Quintana e a Presidenta de Portos, Susana Linguas.

O alcalde tomou a palabra para trasladar aos presentes a resposta ás demandas feitas na reunión entre a comisión de seguimento e as representantes da Xunta.

Como xa é coñecido as melloras que reclaman os veciños e veciñas da Guarda, (representados polas súas asociacións) en relación ao porto, teñen que ver co uso mais intensivo da lámina de auga, tanto para profesionais como para actividades náutico deportivas. O principal obxectivo é recuperar a importancia que o porto tivo no pasado como motor económico da localidade.

A principal demanda que se



propuxo na xuntanza mantida en Santiago foi a construción dun novo espigón ao sur do porto, que parta da zona do Baluerio e que remate por fora do espigón norte. Esta infraestrutura evitará a entrada dos mares que na actualidade fan impracticable o porto con mal tempo, permitirá o seu uso durante todo o ano e a dotación de servizos e infraestruturas de atraque.

O alcalde informou que as responsables da Xunta de Galicia entenderon ás demandas que lle trasladaron dende a Guarda e que se comprometeron a facer unha valoración da viabilidade técnica e económica en relación ao espigón sur.

As distintas intervencións dos asistentes á reunión resaltaron a importancia de manter esta reclamación da sociedade guar-

desa o tempo que faga falta para que esta obra se converta nunha realidade. Encargaron ao alcalde o seu seguimento e comprometéronse en ir traballando para concretar máis polo miúdo as súas demandas respecto do porto guardés, co obxectivo de poder asesorar, no seu momento, aos técnicos que redacten o proxecto do espigón sur.

A súa vez manifestaron a necesidade da construción do acceso sur do porto, cuxo proxecto foi redactado pola Deputación de Pontevedra e está pendente de informes sectoriais.

Por último trasladaron o seu desexo de que as responsables da Consellería do Mar e de Portos de Galicia visiten a Guarda, respondendo ao convite que a comisión de seguimento lles fixo na reunión mantida en Santiago.

A Guarda acolle en febreiro un curso de elaboración artesanal de Ungüentos naturais

Asociación de Desenvolvemento Galicia Suroeste Eurural continúa coa súa apostando pola formación como ferramenta para mellorar a capacitación dos recursos humanos do territorio. Por este motivo, e tras o éxito acadado en 2018 e 2019, a Escola Eu Rural pon en marcha a terceira edición do programa 'Coas mans na masa', un itinerario formativo que busca engadir valor no mercado aos produtos do sector primario a través da transformación da abundante materia prima da contorna en produtos de gran calidade e da súa conservación para a posterior comercialización.

Seis cursos, seis concellos

A gran demanda das accións formativas levadas a cabo na pasada edición do programa 'Coas mans na masa', nas que houbo unha importante lista de agarda de persoas interesadas en participar, motivou que Eurural volva a poñer en marcha os cursos de elaboración artesanal de ungüentos naturais e de elaboración artesanal de conservas. Así, por un lado, as persoas interesadas en aprender a crear cremas, pinturas, aceites... con recursos naturais da contorna poderán participar nalgunha das 4 accións formativas

de 'Elaboración artesanal de Ungüentos naturais' que se celebrará en A Guarda (3 e 4 de febreiro), Tui (10 e 11 de febreiro), Baiona (17 e 18 de febreiro) e O Rosal (9 e 10 de marzo), catro concellos nos que aínda non se tiña impartido esta actividade.

Poderá inscribirse e participar nestes cursos calquera persoa que resida no territorio do GDR 14 e estea interesada, independentemente de que o concello no que viva non dispoña de curso. As xornadas son de balde e a inscrición farase a través da web www.eurural.org, dirixíndose ao apartado denominado Escola. Todos os cursos se impartirán en horario de 16.30 a 20.30 horas e haberá un máximo de 15 alumnos e alumnas por curso.

Novas edicións

'Coas mans na masa' nace ao acubillo da Escola Eurural, creada en 2017 como unha ferramenta posta en marcha pola AD Galicia Suroeste Eurural para canalizar todas as accións formativas que se desenvolven no territorio do GDR 14 e que abrangue aos concellos de Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, A Guarda, Mos, Nigrán, Oia, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, O Rosal, Tomiño e Tui.

MANIFESTACIÓN POLA SANIDADE PÚBLICA

Domingo 9 de febreiro
Saída ás 9:30h
Parada do bus do Centro Cultural (A Guarda)

AUTOBUSES DENDE A GUARDA - INSCRÍBETE NO CONCELLO DA GUARDA NO 986 61 0000 (ALCALDÍA)

CONCELLO DA GUARDA

BAIXO MIÑO

O Concello do Rosal aproba os orzamentos do cambio

Uns orzamentos ambiciosos que supoñen un punto de inflexión na xestión municipal e “abre un tempo novo no proxecto de presente e de futuro do concello buscando a súa mellora e transformación progresiva”. Así son as contas do Concello para 2020, as primeiras do Goberno municipal liderado por Ánxela Fernández e que se aprobaron en pleno o 24 de xaneiro. Uns orzamentos que superan os 3,3 millóns de euros con importantes incrementos en partidas estratéxicas, deseñados en colaboración co tecido asociativo e artellados acorde ás necesidades do municipio.

Destaca o importante esforzo do Goberno local para impulsar nestes orzamentos a promoción cultural, buscando a deslocalización das actividades e achegando así a cultura a toda a veciñanza. Deste xeito triplicase o investimento na axenda cultural por barrios para dar resposta á realidade social do Rosal, que conta cunha veciñanza con dispersión e envellecemento. “Queremos facilitar o acceso á cultura, achegándoa pouco a pouco aos barrios e poñéndoos en valor”, salienta a alcaldesa.

Duplicase ademais o gasto en investimentos chegando case aos 140.000 euros. Unha cifra que

incrementará ao longo do ano xa que nela non están incluídos investimentos que se realizarán con fondos externos procedentes do Plan Concellos ou do Premio Galicia Parabéns. Importante suba tamén para o servizo de Axuda no Fogar, que crece un 30% e chega ata os 206.000 euros para atender as máis de 12.000 horas anuais que se realizan ao abeiro deste programa.

Outra das partidas que contan cun maior incremento é a de persoal para “camiñar por primeira vez cara a redución da desigualdade corrixindo os desequilibrios salariais máis importantes existentes”.

Infraestruturas revisa catro estradas do Rosal

O xefe territorial de Infraestruturas de Xunta en Pontevedra, José Luis Díez Yáñez, e o Xefe de Servizo Provincial de Pontevedra, Manuel Ángel González Juanatey visitaron O Rosal para coñecer as demandas veciñais relacionadas con diferentes problemáticas e desperfectos nas estradas da Xunta que pasan polo concello. Acompañados da alcaldesa, Ánxela Fernández, e do concelleiro de Vías e Obras, Germán Fernández, visitaron in situ catro puntos clave que concentran a maior parte de peticións de mellora por parte da veciñanza.

Díez Yáñez e González Juanatey visitaron a VAC GC 4.2 para coñecer a última problemática sinalada polas veciñas e veciños que viven na contorna desta vía de alta capacidade. Tamén se achegaron ata a PO-353, a estrada que vai de Pancente-Marzán-Novás ata Fornelos, onde os rosaleiros e rosaleiras demandan non só pasos de peóns que garantan a seguridade vial, senón tamén o arranxo de pequenos desperfectos e outras medidas de mellora.

O percorrido rematou noutras das estradas de competencia autonómica: a PO-354, que vai desde As Patas ata Fornelos, e a PO-

Eurocidade Cerveira-Tomiño mantém actuación dinámica en 2020

O Comité de Gestión Estratégica da Eurocidade Cerveira-Tomiño acaba de aprobar o Plano de Actividades para 2020.

Están a ser ultimados dous guías informativos que destacan dous dos sectores con maior potencial de desenvolvemento económico deste territorio común: o turístico e o agrario (especificamente no ámbito da flor e das plantas ornamentais). Ambas as publicacións resultan da compilación de contributos de expertos, empresas e entidades específicas, com presentación pública para o primeiro trimestre do ano.

Após o período de verán, as dúas autarquías pretenden organizar a segunda edición das Jornadas da Amizade com o propósito de analizar os resultados do projeto POCTEP, cofinanciado polo programa Interreg V-A da Unión Europea, nomeadamente no que diz respeito aos contributos para a dinamización da participación cidadá e o fortalecimento de laços entre as populações, instituições e empresas dos concelhos vizinhos.



O Plano de Actividades da Eurocidade Cerveira-Tomiño para 2020 também incorpora a apresentação de propostas que minimizem os entraves burocráticos à mobilidade infantojuvenil nos espaços de fronteira. À denúncia, e consequentes recomendações elaboradas pelas provedoras transfronteiriças, aguardam-se as alternativas de melhoria identificadas pelo expert designado pela Comissão Europeia, num relatório em fase de elaboração.

Ao longo de 2020, a Eurocidade Cerveira-Tomiño mantém o intercâmbio de experiências ao nível da partilha de serviços, estando previstos testes de funcionamento de uma plataforma tec-

nológica para gestão de serviços públicos; a continuidade na programação conjunta de actividades culturais como por exemplo a dinamização do Festival Infantil “Aventura na Terra da Amizade” ou o Certame de Pintura António Fernández; e ainda a concretização dos projetos vencedores do Orçamento Participativo Transfronteiriço 2020, nomeadamente um conjunto de caminhadas para dar a conhecer o património natural e cultural de ambos os concellos (“As Rotas Minho/Roteiros Miño”) e uma jornada centrada em actividades desportivas e de lazer para fomentar hábitos de vida saudáveis (“Pensar o corpo, mover a mente”).

A Deputación inicia no Rosal a senda peonil paralela á EP-3302

O goberno provincial de Carmela Silva ven de iniciar as obras de mellora da mobilidade peonil na Estrada Provincial 3302 no Rosal, que teñen como obxectivo central a construción dunha senda que conectará os núcleos de Valdeañotes e San Miguel de Tabagón e nas que a institución provincial investirá un orzamento de 178.743,39 euros.

Máis polo miúdo, a nova senda peonil construírase en formigón coloreado e o seu trazado transcorrerá paralelo á marxe esquerda da devandita estrada nun treito de 575 metros, en concreto desde o punto quilométrico 1+365 ao 1+940. Así, a senda conectará o núcleo de Valdeañotes co punto anterior ao paso elevado que da acceso ao núcleo de San Miguel de Tabagón. Deste xeito, establécese un itinerario peonil segregado do tráfico rodado como alternativa de mobilidade máis segura para as veciñas e veciños.

As obras, que foron adxudicadas á empresa Oresa, xa están en marcha e teñen un prazo de exe-



cución de cinco meses. Do orzamento final, o departamento de Infraestruturas da Deputación asume o 80% do coste (142.994,71 euros) e a financiación completouse con 35.748,68 euros, correspondentes ao Plan Concellos 2018.

Os traballos inclúen tamén a mellora da drenaxe lonxitudinal mediante cunetas de formigón e zona entubada na Estrada Provincial, que recollerán as augas procedentes do exterior do viario. Por último, está prevista tamén a preinstalación dun futuro alumeadado público.

A nova avenida de Tomiño permite desviar os vehículos pesados arredor do centro

O centro urbano de Tomiño nótase estas semanas moito menos conxestionado. A apertura da nova avenida que conecta as estradas EP3102 e PO-344, mediante unha variante poboacional, mellora a mobilidade e integración urbanística deste conxunto urbano, permitindo unha mellor permeabilidade e accesibilidade do sistema viario.

A nova estrada enlaza polo sur a EP-3102 e polo Norte a PO-344 (Rúa Gondomar), proporcionando unha saída natural á Avenida República Arxentina (que pasará a chamarse Avenida do

Baixo Miño), e da rúa da Pedra cara o leste do núcleo, así como engarzando coa futura VAC sen necesidade de atravesar o núcleo urbano.

O novo trazado permite tamén enlazar os centros equipamentais sitos na estrada provincial (CEP Pedro Caselles), cos novos equipamentos como o Centro de Saúde, a Residencia Asistida, e mesmo o IES de Tomiño, situados nas proximidades da Avda. República Arxentina.

A nova avenida esténdese nun trazado de 1.318 metros, cun ancho de 16 metros (10 metros adi-

cados a unha calzada de dobre sentido de circulación, e 6 metros de senda para peóns e bicicletas). O trazado foi deseñado para unha velocidade de 60 km/hora; aínda que de forma puntual establécense parámetros lixeiramente superiores ou inferiores para adaptarse as condicións da contorna.

Amais o proxecto complétase mediante o deseño das interseccións necesarias co viario existente; a tal obxecto inclúense cinco glorietas sobre o viario existente, e unha conexión urbana de 150 metros (prolongación rúa Tui), para conectar o novo trazado



co centro urbano.

Cabe reseñar que o deseño da nova avenida tivo en conta o proxecto da VAC Tui-A Guarda, que contempla un enlace en O Seixo, de forma que o vial resulta totalmente compatible coas pre-

visións da rede autonómica de estradas.

Nos próximos días, comezarán as obras de peonalización de dúas rúas no Seixo que veñen a completar o proceso de humanización do casco urbano.

Tomiño conmemorará o Día da Muller cunha versión da obra de Ibsen, "Casa de Bonecas"

“1879. Casa de Bonecas”, a innovadora proposta dos actores galegos Iria Ares e Xoán Carlos Mejuto, que revisa o clásico do autor Henrik Ibsen, che-

gará a Tomiño o sábado 7 de marzo, en conmemoración do Día da Muller (8/3).

A compañía Estudio Momento traerá unha adaptación do clásico

do dramaturgo noruegués, predecesor dos movementos feministas, estreado con grande escándalo en Copenhague en 1879.

Iria e Mejuto dan vida ao ma-

trimonio Helmer, composto por Nora e Torvaldo.

Iria, que interpreta a Nora, un personaxe cualificado polos expertos como un dos primeiros berros feministas do teatro, afirma que “Nora non é unha heroína feminista, é un ser humano xeneroso que transcende o seu

afán de desquite. Non é prisioneira nin do sistema, nin de Torvaldo; simplemente adquire lucidez, e consciencia de que quere”.

Comezará ás 22.00h no Auditorio de Goián, con entrada de 5 euros, que poderán adquirirse dende unha hora antes na taquilla.

Nenos e nenas de Oia analizan a imaxe da muller nos medios nun proxecto de igualdade organizado polo Concello

Alumado de segundo ciclo de educación infantil e de primaria dos dous colexios de Oia veñen de participar nun proxecto de igualdade que, baixo o título “como aparecemos representadas nos medios”, analizou e debateu sobre o tratamento que os medios de comunicación dan ás mulleres.

A iniciativa socioeducativa desenvolveuse ao longo de varias sesións durante o pasado mes de novembro nos CEIP Mestre Manuel García e de Refoxos. No transcurso desta actividade constatouse a boa acollida do alumnado á hora de reflexionar e debater sobre as desigualdades de xénero. Especialmente nos cursos de 5º e 6º de primaria, quedou patente que o alumnado ten bastante instaurado o concepto de igualdade.



O obradoiro, organizado polo Concello e beneficiario dunha subvención da Deputación para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero dirixida a municipios de menos de 20.000 habitantes, abordou o tema das desigualdades de xénero de xeito transversal. Así, traballáronse competencias como a comunicación lingüística, a competencia social e cívica e a competencia de aprender a apren-

der, entre outras.

Os alumnos e alumnas participantes no proxecto, entre outras actividades, analizaron diversos contidos informativos e publicitarios, comparando exemplos do pasado con outros actuais para tirar conclusións sobre os estereotipos existentes arredor das mulleres.

Así mesmo, elaboraron un pequeno decálogo de boas prácticas dirixido aos profesionais que crean os anuncios publicitarios.



NOVAS DA RAIA

Autarca de Viana do Castelo promove potencialidades do concelho em Roissy, França

O Presidente da Câmara Municipal de Viana do Castelo visitou a Comunidade de Roissy, em França, no âmbito da política de internacionalização do Município. José Maria Costa esteve naquela que se apresenta como uma verdadeira aldeia agrícola de origem galo-romana, localizada a cerca de 20 quilómetros de Paris, a estabelecer contatos e a preparar potenciais cooperações estratégicas.

Roissy é uma pequena cidade rural repleta de história que acolhe o Aeroporto Paris-Charles de Gaulle (CDG), o principal aeroporto da França e dos mais importantes da Europa.

A visita de José Maria Costa e da comitiva vianense a Roissy integrou uma sessão de trabalho com os responsáveis, onde foram apresentadas as potencialidades económicas da região e abordadas

formas de cooperação entre as duas regiões. No final, ficou definida ainda para o início do ano a deslocação de uma comitiva empresarial a Viana do Castelo para fortalecer as relações entre as duas comunidades, nomeadamente no setor económico.

Para além da sessão de trabalho, a delegação de Viana do Castelo visitou também as diferentes áreas de acolhimento empresarial da região de Roissy, bem como a área de apoio logístico ao aeroporto Charles de Gaulle.

Viana do Castelo tem vindo a promover a ação de internacionalização económica, permitindo a exportação de produtos endógenos e a divulgação das empresas e da atividade empresarial vianense, em que o investimento francês é já significativo a nível industrial e de serviços.

O autarca refere que o Muni-



cípio de Viana do Castelo e a cidade atingiram já um patamar de desenvolvimento económico que permitem olhar a internacionalização com confiança e, acima de tudo, como oportunidade de alargamento de base territorial empresarial.

Esta tem sido a política seguida pela autarquia que, através das

redes de cooperação nacional e internacional, tem vindo a colocar Viana do Castelo como uma cidade reconhecida nas suas diferentes áreas de especialização, mas também criando melhores oportunidades para projetos e ações que dependem muitas vezes das redes e dos investimentos em cooperação com outras cidades.

Cinquentão Rali á Lampreia



Dias 29 de fevereiro e 1 de março, no centro histórico de Monção.

Um dos eventos mais mediativos do concelho de Monção, que junta milhares de pessoas nos restaurantes e passeios da vila, engloba prova noturna, no sábado, e provas diurnas, no domingo (manhã e tarde).

Programa completa-se com animação popular, II Boxes Gastronómicas e V Rali Gastronómico. Neste fim de semana, cerca de uma trintena de restaurantes do concelho esmeram-se na preparação do ciclóstomo mais afamado do mundo. Para que a sua visita seja deliciosamente inesquecível.

Autarca apresentou em Paris projeto de preservação dos garranos nas serras de Arga e Santa Luzia

O Presidente da Câmara Municipal de Viana do Castelo participou numa conferência dedicada às Artes e Ciências da Equitação, onde apresentou o projeto de proteção e preservação dos garranos. Por ocasião dos 100 anos dos portugueses na Sorbonne, o encontro visa discutir os projetos de conservação da biodiversidade em Portugal, com destaque para os equinos, com a participação da Universidade de Kyoto e Universidade Sorbonne Nouvelle.

Recorde-se que o projeto "Percurso do Homem e do Garrano", financiado pelo Norte 2020 - Património Natural, foi desenvolvido com o objetivo de valorizar esta raça autóctone e aumentar a visitação turística das áreas classificadas da Rede Natura 2000. Foram, recorde-se, criados três percursos equestres e um novo trilho pedestre, com interpretação conjugada do património natural e histórico-cultural, valorizando o caráter único do seu mosaico paisa-

gístico.

Viana do Castelo integra um projeto que associa as Universidades da Sorbonne, de Kyoto e de Coimbra, parceiros científicos que desenvolvem um trabalho de investigação neste território. A projeção da importância do garrano nas suas múltiplas dimensões necessita de estudos científicos profundos e contínuos, de um debate alargado, da criação de redes de cooperação interinstitucionais e da aposta em ações de divulgação, sensibilização e demonstração que promovam as qualidades e apetências da raça. Os garranos são animais de pequena estatura, com peso aproximado de 290 quilos, de perfil de cabeça reto ou côncavo, cabeça fina e grande, principalmente nos machos. O pescoço curto é bem musculado, a garupa é forte e larga e os membros são pequenos e fortes. A pelagem é castanho-escuro, sendo a crina e a cauda pretas e muito densas.

Onda Verde no Vale do Minho lança o 'Desafio Desperdício Zero'

Prosseguindo com a aposta num maior envolvimento das populações, o Projeto Onda Verde no Vale do Minho, liderado pelo Aquamuseu do rio Minho, acaba de lançar mais um desafio – concurso fotográfico e workshops interativos - que visa a consciencialização para a redução dos três R's: resíduos, reutilização e reciclagem.

Numa primeira abordagem, os parceiros vão dinamizar um concurso fotográfico denominado "Foto em Ação!", mais direcionado para as escolas, através do qual os alunos são desafiados a investigar alternativas mais sustentáveis para as compras familiares e, consequentemente, incentivar a família para enveredar por estas opções no dia a dia. O objetivo é que, posteriormente, todas as fotografias integrem uma exposição itinerante organizada pelo projeto, em estreita colaboração com as escolas.

A segunda fase do desafio é a realização de workshops "Dá nova vida à tua T-shirt", pretende consciencializar para a redução de resíduos, reutilização e reci-

clagem. Aqui, os alunos desenvolverão com ajuda dos docentes e da equipa do projeto Onda Verde, um workshop com as famílias para a elaboração de sacos personalizados que evitam o consumo de plástico.

A prioridade do 'Desafio Desperdício Zero' passa por envolver ativamente as famílias em atividades promotoras de alternativas sustentáveis, além de estimular a criatividade e promover uma competição saudável entre os jovens das escolas participantes no projeto.

De salientar que o projeto 'Onda Verde no Vale do Minho', financiado pelo PO-SEUR, pretende contribuir para a mudança deste cenário, através de uma ação, que decorrerá até 2020, e que engloba um maior conhecimento da gestão de resíduos na região, a identificação de desafios, a análise da perceção dos cidadãos e a criação e conteúdos para diferentes públicos. Liderado pelo Aquamuseu do rio Minho, o projeto engloba os municípios de Melgaço, Monção, Valença, Vila Nova de Cerveira e Caminha.

Monção investe cerca de 350 mil euros na requalificação do parque escolar

A valorização estrutural dos estabelecimentos de ensino do concelho e a criação de condições efetivas de aprendizagem junto da comunidade educativa (docentes, auxiliares, alunos e pais), constituem objetivo central do atual Executivo Municipal de Monção na área da educação.

Nesse sentido, desde o início do mandato até à atualidade, foram efetuadas várias intervenções focadas na concretização daquela estratégia. No seu conjunto, representam um investimento de 343.085,72 €, distribuído por todos os estabelecimentos de ensino.

Na Escola Secundária de Monção, onde foram investidos 93.268,99 €, os trabalhos incidiram na substituição das coberturas do pavilhão desportivo, do balneário do campo de jogos e dois edifícios de salas de aulas. Na Escola Básica do Vale do Mouro, em Tangil, onde também foram substituídas as coberturas dos edifícios, o investimento situou-se em 58.292,74 €.

O Pavilhão Desportivo da EB 2.3 de Monção foi objeto de uma intervenção exterior na ordem de 53.616,98 € enquanto os trabalhos de beneficiação no Pavilhão Desportivo da EB 1 e JI de Pias representaram um investimento glo-

bal de 56.416,53 €.

A intervenção na Escola Básica José Pinheiro Gonçalves, em Monção, fez-se ao nível da climatização/ar condicionado nos diversos espaços existentes nos dois pisos da escola, bem como na colocação de relva sintética na zona do recreio. No total, os trabalhos custaram 51.490,48 €.

Além destas empreitadas, decorreram ainda trabalhos de beneficiação no Jardim de Infância de Cortes e no Centro Escolar da Estrada, em Mazedo. Num investimento próximo de 30.000,00 €, as obras realizaram-se no interior e exterior, constando de colocação de pavimento amor-



tecedor e melhoramento nas salas de aulas, corredores, cantina e refeitório.

No presente ano, cujo orçamento foi aprovado, por maioria, no Executivo Municipal e Assembleia Municipal, prevê-se uma dotação de 131.604,00 € para dar

continuidade ao trabalho de valorização do parque escolar. Com intervenções em todas as escolas, destacam-se as empreitadas previstas para a Escola Básica do Vale do Mouro, em Tangil, e o Pavilhão Desportivo da EB 2.3 de Monção.

Câmara Municipal e Associação Empresarial de Viana do Castelo recebem Federação das Indústrias do Ceará, Brasil

O Presidente da Câmara Municipal de Viana do Castelo (CMVC) e o Presidente da Associação Empresarial de Viana do Castelo (AEVC), no âmbito da política de promoção e internacionalização de Viana do Castelo, receberam uma delegação da Federação das Indústrias do Estado do Ceará (FIEC), do Brasil. A delegação integrou o Presidente da FIEC, Ricardo Cavalcante, o diretor de Inovação e Tecnologia, Sampaio Filho, e o diretor regional do FIEC, tendo servido sobretudo para apresentar as potencialidades da capital do Alto Minho.

Na visita, foi apresentado o potencial tecnológico e empresarial de Viana do Castelo nos domínios da economia do mar, indústria automóvel, eólico, das infraestruturas, agro-industrial e turismo.

Na deslocação a Viana do Castelo, a delegação brasileira esteve ainda nos estaleiros navais da West Sea/Martifer juntamente com o CEO da empresa, Carlos



Martins, e Santos Lima, e no Parque Empresarial de Lanheses, onde entraram em contacto com o potencial tecnológico e exportador de Viana do Castelo nos domínios eólico e do setor automóvel.

Com esta deslocação, estão assim criadas as condições e o interesse em promover visitas empresariais a cada uma das regiões, proporcionando possíveis joint-ventures e parcerias nas áreas de interesse mútuo.

O Sistema FIEC é formado pelo Serviço Social da Indústria (SESI), Serviço Nacional de Aprendizagem

Industrial (SENAI), Instituto Euvaldo Lodi (IEL) e Centro Internacional de Negócios e está presente em Fortaleza e em municípios importantes da Região Metropolitana, Região Norte, Vale do Jaguaribe e Cariri.

O objetivo do Sistema FIEC é representar os interesses dos industriais do Ceará e atender as suas preocupações com a saúde e qualidade de vida do trabalhador; formação e qualificação profissional para a indústria; serviços técnicos e tecnológicos especializados; incentivo à inovação e educação executiva.

“Fado Violado” arranca temporada do All Music Fest, em Melgaço

O All Music Fest está de regresso a Melgaço: até maio, o Destino de Natureza Mais Radical de Portugal recebe cinco concertos musicais. O duo português “Fado Violado” abre a temporada dos espetáculos no dia 18 de janeiro, pelas 22h00, na Casa da Cultura.

A iniciativa enquadra-se no programa cultural do Município e leva ao concelho um concerto por mês, com propostas para todos os gostos: flamenco e fado, pop, música tradicional e eletró-

nica, covers e mistura de influências de música latino americana, espanhola, francesa, entre outras.

O evento arrancou em 2018. Desde então várias bandas e géneros musicais passaram pela Casa da Cultura, nomeadamente Manuel Fúria, Few Fingers, Hourglass, TT Syndicate, Lince, Zurich Dada, Torcido, Noiserv e Hot Air Balloon.

Os bilhetes poderão ser adquiridos na Ticketline ou na Casa da Cultura.

Fado Violado - 18 de janeiro
Capitão Fausto - 28 de fevereiro
OMIRI - 6 de março
Melgaço Canta Liberdade - 25 de abril
Txiribiti - 16 de maio



Na procura da inclusión total no CEIP Mestre Ramiro Sabell

A concellería de Ensino que dirixe a tenenta da alcalde Cristina Fernández da un paso máis na consecución dunha sociedade inclusiva e amplía o servizo de terapia asistida con cans ao resto do alumnado porque a inclusión e a igualdade é cousa de toda a sociedade.

Esta terapia daba os seus primeiros pasos no pasado curso escolar da man da concellería de Ensino incorporándose no curriculum do CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera destinada ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Neste curso a ANPA e o propio centro súmanse á iniciativa da concellería para ampliar esta novidosa terapia ao resto das e dos alumnos.

Dende o mes de decembro e ata o mes de maio as profesionais de YARACAN traballan unha vez á semana co alumnado NEAE de infantil e primaria e unha vez ao mes con todo o alumnado dos cursos implicados. Eco, Trufa e Uma son os e as encargadas de interactuar seguindo as instrucións

das técnicas Eugenia e Julia Correa, especialistas nesta terapia.

En continua mellora e sempre desenvolvendo un traballo en equipo, a concellería, o centro escolar, a ANPA e as profesionais deste método decidiron

este ano dar o salto á integración real traballando unha vez ao mes con todo o alumnado para que, pouco a pouco, a inclusión sexa un feito.

“É imprescindible que todos e todas teñamos as mesmas oportunidades e atopemos apoios para resolver as nosas necesidades pero para iso temos que formar unha sociedade solidaria capaz de apreciar a diversidade e a riqueza das diferenzas que fan que cada persoa teña algo importante que aportar”, explica Cristina Fernández.

A terapia asistida con cans axuda ao alumnado NEAE pero tamén ao resto do alumnado. Julia Correa explica os beneficios que reporta para toda a comunidade educativa e os avances que



se acadan “maior motivación, atención e concentración na súa contorna inmediata, melloran en actividades como a da lectura, o traballo en equipo e incrementa a capacidade para seguir instrucións, ademais de reducir a impulsividade e a agresividade tamén mellora a autoestima, a autodisciplina e o autocontrol”.

Actuando dende o plano emocional, as irmás Correa comezan o seu traballo dúas horas antes de chegar ao centro escolar preparando aos seus compañeiros caninos para que xa na aula estean ao 100%.

Cada sesión é previamente estudada e deseñada co profesorado do centro para acadar os obxectivos pactados.

A moeda Adro Vello presentada en Fitur



A Fundación Ruta Xacobeo Mar de Arousa e Ulla presentou en FITUR o seu último proxecto, a Publicación “De Adro Vello a Santiago de Compostela”. No acto presentouse tamén a reacuñación oficial da moeda de Adro Vello, achada no xacemento do mesmo nome no Grove (Pontevedra). Trátase da primeira moeda de curso legal do S. XII en tempos do rei Fernando II de León que representa no seu reverso a Traslatio do Apóstol Santiago a través da barca apostólica na que se identifican as figuras dos discípulos

Teodoro e Atanasio e o corpo degolado do Apóstol.

Ao acto asistiu o Presidente da entidade Javier Sánchez-Agustino que declarou aos medios de comunicación: “Esta moeda constitúe o símbolo xacobeo por excelencia e desde a nosa entidade queremos que se convirta nun novo icono nas celebracións do Xacobeo 2021”.

No acto tamén estiveron presentes o Director da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, os alcaldes de Padrón, O Grove, Cambados, Pontecesures, Pobra do Caramiñal entre outras autoridades.

LIMPIEZAS PONTEAREAS

Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com
Rúa As Lavandeiras, 3 baixo Ponteareas

Talleres Guiller Motor

Pazo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA (Pontevedra)
Venta de vehículos usados
Tel/Fax 986 66 15 41

(SPG) TALLERES

GASOLEOS TEA

Distribuidor oficial REPSOL para:

CALEFACCIÓN, INDUSTRIA Y AUTOMOCIÓN

SERVICIO A DOMICILIO

PONTEAREAS 986 66 13 90
986 66 13 89
A GUARDA 986 61 43 61

REPSOL

ALFESO
Asesoría de Empresa

FISCAL - CONTABLE - LABORAL - MERCANTIL - IMPOSTO SUCESIONES
TODO TIPO DE XESTIÓNS COAS INSTITUCIÓNS PÚBLICAS

Paseo Matutino, 4 - Entlo. B • 36860 PONTEAREAS • T. 986 66 00 00 • F. 986 66 01 03